


Número 2, outubro 1999.

500 pts.

libredón

Boletín da Asociación Galega
de Amigos do Camiño de Santiago



**Especial V Congreso Internacional de Asociacións Xacobeas
(Cée, 9-12 de outubro de 1999)**

- A sé do congreso. • Temas a tratar, ponencias e mesas redondas.
- Actividades paralelas. • Fitos da Prolongación a Fisterra e Muxía.
- Actualidade da peregrinación.

outubro 1999

ASOCIACIÓN GALEGA

Libredón, Nº 2

DIRECTIVA DA ASOCIACIÓN
 *PRESIDENTE- Antón Pombo Rodríguez
 *VICEPRESIDENTA- Mariel Lamiba Leira (Congreso '99)
 *SECRETARIO- Jaime Bouza
 *TESOUREIRA- Susana Gago Rodríguez
 *VOCAL1º (C. Português-I).- Alfredo Jeremías Sampedro
 *VOCAL2º (C. Português-II).- Juan Yáñez
 *VOCAL3º (C. Francés).- Constantino Chao Mita
 *VOCAL4º (C. Ourense-I).- Aser Oscar Sánchez Ruído
 *VOCAL5º (C. Ourense-II).- Xosé Manuel Quintas
 *VOCAL6º (C. Inglés).- Manuel Pérez Grueiro
 *VOCAL7º (C. Fisterra).- Mirolo Vilar
 *VOCAL8º (Relacións públicas).- José Antonio de la Riera
 *VOCAL9º (Santiago de Compostela).- Mario Clavell Blanch

Domicilio postal: Rúa Montero Ríos, 16, 5º dta. 15706 Santiago de Compostela

O BOLETÍN

Director: Antón Pombo Rodríguez
Redacción: Jose Antonio de la Riera, Mario Clavell Blanch, Manuel Vilar Álvarez, Constantino Chao Mita

Colaboradores: Ángel Luis Barreda Ferrer, José Ramón Ferrín, Ernesto Insua Oliveira, Juan J. López Bermúdez, Javier A. Reysouto, Miro Villar.

Fotografías: Manuel González Vicente, Mirolo Vilar, Antón Pombo Rodríguez

Diseño e Maquetación: Seira Deseño



Fotografía da portada: Antón Pombo

DA BOLETÍN

3 EDITORIAL

5 LIBREDÓN ESTÁ DE MODA

6 CAMIÑOS

- 6.- ¡Ah del Camino! Crónica en Román Paladino, por José Antonio de la Riera
- 8.- A desfeita de Samos: un gravísimo atentado contra o Camiño Francés en pleno Ano Santo
- 12.- Novos albergues nos itinerarios galegos

14 ASOCIACIÓN

- 14.- Entrevista con María Antón
- 15.- Actividades desenvolvidas desde a presidencia
- 16.- III Peregrinación a Fisterra e Muxía
- 18.- Debuxo gañador do concurso
- 19.- Subvención recibida da Xerencia do Camiño de Santiago

20 OPINIÓN

21 CONGRESO INTERNACIONAL

22 CARTA DEL PRESIDENTE DEL COMITÉ EJECUTIVO

23 BENVIDA DO PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN NERIA

24 CARTA DO COMITÉ CIENTÍFICO

25 OS CONGRESOS PRECEDENTES

27 PONENTES E MESAS REDONDAS DO V CONGRESO INTERNACIONAL DE ASOCIACIÓN XACOBEAS

28 LA FUNDACIÓN FERNANDO BLANCO DE LEMA (CEE). SEDE DE LAS JORNADAS CIENTÍFICAS

30 INÉS I. AMORÍN, CREADORA DO "SANTIAGUÍÑO" QUE PRESIDE O CONGRESO

S U M A R I O

32 CAMIÑO DO SOLPOR

- 32.- A Mítica cidade de Duio
- 33.- La Leyenda de San Guillermo y su ermita en lo alto del Facho de Fisterra, por Manuel Vilar
- 34.- ¡Mirade o Santo Cristo de Fisterra!, por Manuel Vilar
- 37.- A Virxe da Barca e a tradición Xacobeas, por Manuel Vilar
- 39.- O Tímpano do Cereixo, primeira representación escultórica da traslatio, por José Ramón Ferrín
- 41.- Hospitais de Peregrinos entre Santiago e Fisterra, por Antón Pombo
- 45.- Home rico, home probe: os mosteiros de Moraime e Ozón, por Javier A. Rey Souto
- 49.- La imagen italiana de San Marcos de Corcubión, por Juan J. López Bermúdez
- 51.- Apuntes sobre a paisaxe entre Compostela e Fisterra, por Antón Pombo
- 54.- Actualidad de la peregrinación al Finisterre, por Antón Pombo
- 55.- Melloras no camiño a Fisterra e Muxía, por Manuel Vilar
- 56.- Santiago-Finisterre: un camino emergente, por Ernesto Insua Oliveira
- 57.- Publicaciones sobre el camino a Fisterra e Muxía
- 59.- Terminar el camino en el mar, por Mario Clavell

61 COLABORACIONES

- 61.- As tribulacións de George Borrow en Fisterra, por Constantino Chao
- 63.- Finis Terrae: Initium Coeli, por Paolo Caucci von Saucken
- 64.- A romaxe da Barca desde a emigración, por Miro Villar
- 67.- Historias, lenyendas, tradiciones y curiosidades del Camino Portugués, por José Antonio de la Riera

69 TRIBUNADO PEREGRINO

- 69.- Cal e area dunha curta peregrinaxe por Galicia
- 70.- La masificación estival en los albergues gallegos
- 71.- Una historia Jacobea
- 72.- O tetrapléxico e o peregrino
- 74.- Un espectáculo bochornoso

75 GLOSA A NOTICIAS XACOBEAS

77 GLOSAS Y DESGLOSAS JACOBEAS




O espírito do peregrino acouga en *Fisterra*

Antón Pombo Rodríguez

Mitos se están a facer, con reiteración, unha pregunta: ¿por que motivo o V Congreso Internacional de Asociacións Xacobas se celebra en Fisterra cando, en pleno Ano Santo, parecería máis lóxico facelo en Santiago? Mirade por donde, a resposta vai nos dar ás para tratar unha problemática que xa se vía vir e que está a superar tódalas previsións: a da masificación da peregrinación e maila conseguinte deturpación dos seus valores tradicionais, situación que, por desgracia, acada a súa máxima expresión en Compostela.

No mes de agosto, segundo os datos proporcionados pola máis triunfalista e acrítica que nunca Oficina de Peregrinación, de 300.000 a 360.000 personas -gostaríame saber como fixeron este reconto- visitaron a catedral. Este mesmo mes, batendo tódolos records históricos, recibiron a *Compostela* nada menos que 45.860 peregrinos, superando así mesmo a cifra de tódolos rexistrados en 1998. Por suposto, o 88,54% deles, máxime tendo en consideración que estamos en pleno verán e abunda a xente nova, peregrinaron movidos por motivos relixiosos ou relixioso-culturais. É de supoñer que algúns membros do cabido, entre os que non se atopa un receoso, sensato e sempre sincero Deán, e tampouco o responsable da fábrica catedralicia, gustan da cantidade antes que da calidade, tentando escalar posicións entre os santuarios do mundo católico máis visitados, pois aínda queda moito para supera-los de Guadalupe (México), a Aparecida (Brasil), Czestochowa (Polonia), Lourdes (Francia), Luján (Arxentina), Fátima (Portugal), etc. Abofé que estamos totalmente de acordo con Avelino Abuíñ de Tenbra, cando afirma que se 'o xubileo gañou cosmopolitismo, perdeu, en cambio, a emotividade'. A mestura dos espectáculos (exposicións, música, cine, teatro, folclore) e a reflexión, do puro divertimento e a relixiosidade, soamente contribue a xerar un barullo (cambalache fin de século) que acaba por desorientar incluso ós peregrinos mellor intencionados.



Tomemos como exemplo un día calquera, deste insólito verán, e acheguémonos á catedral. Desde primeira hora, grupos de peregrinos e turistas chegados en tódolos medios de transporte posibles, vanse congregando nas prazas que rodean a basílica. Santiago é avexado non para pedi-las súas grazas ou dalas polos favores concedidos -para eso hai santiños máis avogosos e milagreiros en cada comarca-, senón para participar no gran circo dos rituais supersticiosos e pagáns no que se está a converter a súa casa. Ten moita razón o paiaso-actor Roberto Vidal Bolaño, cando na súa representación '*Sen ir máis lonxe*' espeta ó bo de Santiago, aló quedo e pasmado no Altar Maior, como pode soporalo que lle están a facer, como non reacciona e comeza a dar



mandobles, como facía cos mouros, a toda esta chusma; ¡meu pobre!

Pero a cousa non queda aquí, o síndrome deste verán ten unha manifestación inequívoca: **a cola**. Facer cola, agardar en interminables ringleiras, é a norma para entrar pola Porta Santa (¿quen nolo ía dicir, este despertar colectivo da fe, e este renacer das tradicións tan conciencizado?), poñe-la man no parteluz do Pórtico da Gloria, dá-lo testarazo ó probe Sansón ou Gilgamesh que figura na base do mainel (máis vale así, que deixen relativamente tranquila á *Santiña da Memoria* recreada por Neira de Mbsquera) ou darlle-la aperta o Santo. Con todo, é ó mesmo tempo que esto acontece, un pode comprobar sen gran esforzo, intercambiando unhas palabras cos congregados, que a meirande parte dos que tal fan non teñen nin idea do que significa o que van realizar e, en moitos casos, ¡nin sequera saben en que consiste realmente o que lles agarda! Nã era da información, o despiste colectivo. Nõ tempo en que todos viaxan, o papanatismo de quen pasa baixo o Pórtico da Gloria sen ‘mirar’, como o boticario daquel chiste de Castelao, [*ver reprodución*] a marabilla concibida por Miteo. ¿Serían tan cabestros os nosos devanceiros da Idade Média? Nõn o cremos. Algún aínda poderã espetar que as colas apuran, que un se pode despistar contaxiado pola dinámica da procesión esquecendo ós apóstolos, profetas, da mesma Gloria e do Inferno. Pero hai algo, queridos amigos, que non ten perdõn. Un fenómeno, que puidemos constatar moitos días, causa abraio e estupor, amosándonos o total fracaso dun Xubileo que se está a enquistar nunha serie de rituais mortos e comportamentos superficiais: **¡a tumba de Santiago, esquecida polos máis, nunca ten cola!**

Nã cidade das marabillas, convertida nunha Expo’99 Xacobeana cun pavillón estrela cheo de sorpresas para divertirse, todo se compra e vende. Os menús do peregrino, con vieira conxelada incluída en moitos dos casos, os ‘*pelegrines*’ de plástico, cerámica ou metal, os inxénuos bordõns coa decorativa cabaza que en ocasións é de madeira maciza, xa hai tempo que deron paso a ofertas moito máis sofisticadas, dignas do peregrino-consumista da post-modernidade. Que vostede non tivo o privilexio de asistir á apertura da Porta Santa, non hai problema, por algúns euros podémoslle vender un anaco desas pedras que, se cadra, traerán amores e, moidas, curarán as dores estomacais. Que gusta de lucir un peiteado ‘do Xacobeo’, pois non faltará unha perruquería que llo faga en azuis e vermellos. Que a nena quere unha moneca peregrina coma o Meniño Xesús exposto en Antealtares, pois velã vai a *Barbie* tocada co seu modeloiño. Ese a catedral está ateigada de turistas e prefire sentarse comodamente a ve-lo botafumeiro, poderá contempla-la súa réplica virtual, con fume e todo, nun espectáculo, igualmente cheo de xente, bastante menos impactante do que se conta na publicidade (¡haberã algo máis absurdo, a 80 pasos da catedral, que acudir a ve-lo vó virtual dun botafumeiro tendo a posibilidade de admiralo en directo?, ¿por

que non mariscadas virtuais?). ¿Nõn son todas estas montaxes xogos para nenos?

Preguntabase hai pouco o teólogo Chao Rego sobre se serán ilusos os que gastan tanto tempo en entrar pola Porta Santa, ‘famentos de maxia e fartos de superstición’, para engadir que ‘os que antano [onde debía dicir hoxe] prolongaban a súa aventura espiritual ata Fisterra, gozaban da vivencia simbólica de tocar a fin da Terra’. Sen descoñecer que a forza de Compostela non se desfai con estas ‘anécdotas’ ¿como íamos nos face-lo congreso nunha cidade que, beneficiada pola incesante riada de visitantes, sempre ignorou en gran medida o noso labor? ¿Como, cando pasaríamos totalmente desapercibidos? ¿Como, cando os hoteleiros deixarían os nosos petos valeiros cos seus prezos de permanente tempada altísima? ¿Como, se ata para darlle unha aperta ó noso amigo, co que conversamos tantas veces cando peregrinos, haberã que pedir cita? Cando menos, en Fisterra viviremo-la tradición xacobeana en tranquilidade: a lenda da predicación, co fermoso episodio da aparición da Virxe en Muxía nun día tan sinalado coma o 12 de outubro; a da traslación, co relato da chegada dos seus discípulos a Duio. Ademais, os habitantes da comarca están encantados de acollemos: velã tódalas facilidades dadas para organiza-lo congreso, os bos prezos ofertados polos hoteis, os agasallos e recepcións preparadas. En contrapartida, os membros das asociacións tentaremos divulgar-la realidade deste camiño, descalificado polos malintencionados e deturpado no seu real sentido polos esotéricos, e mailo fondo sentido de peregrinación que nel se está a vivir agora mesmo.

Nã prolongación a Fisterra tamén están a aparecer, despois de anos de abandono, os albergues de ‘deseño’, ei-los de Fisterra, Nègreira e proximamente Olveiroa. Con todo, neste roteiro non masificado, pero suficientemente cheo de referencias xacobeas, aínda é posible vivir aqueles tempos dourados da intimidade, os dos anos 80, do Camiño Francés. Cando a meirande parte dos articulistas e das guías (sobre elo vén moi a propósito o excelente artigo publicado por Nancy Frey en *El Correo Gallego*, 27-III-1999, p.46) centran o seu interese en describi-los servicios existentes en cada etapa e, o que resulta aínda peor (a guía de *El País-Aguilar* tomou a iniciativa), a suposta categoría de cada albergue, rexeitando os que non teñen auga quente e bos colchõns, é preciso manter, cando menos nesta prolongación, aquela austeridade que nos permita concentrarnos no esencial, esquecendo os adubríos. En caso contrario, e cun comportamento mimético ó do Camiño Francés, acabaremos por contrae-las súas mesmas doenzas: masificación, perda do sentido da peregrinación, turismo de mochila e sen cultura, competición no camiño, carreiras por consegui-los mellores lugares nos albergues, rífas entre peregrinos,... Porque se algún día caemos neste erro, e converteremos esta ruta noutro desfile da marabunta, máis vale deixalo todo como estaba, sen camiños sinalizados, sen promoción, sen refuxios e sen *fisterías*.



Nova publicación de Compostela '2000

“LIBREDÓN” está de moda



Si en el primer número hablábamos de un *Libredón* histórico y carlistón, publicado en la misma Compostela a finales del siglo XIX, y también del boletín de un centro gallego, el de Cantabria, ahora tenemos que sumar a la ya prolífica cofradía de los 'libredones' un nuevo y temporal compañero: el editado por el Consorcio de Santiago.

Su objetivo, lógicamente, es promocionar la Capitalidad Cultural Europea de Compostela'2000. La dirección corre a cargo de María Xosé Porteiro -exportavoz del PSDG en el parlamento de Galicia-, y entre sus colaboradores se cuentan firmas tan conocidas en Santiago como las de Xosé Antonio Perozo o Diego Bernal (y las que están por llegar). En formato de periódico, todos los artículos figuran en dos idiomas: castellano e inglés, haciendo hincapié en diversos asuntos relacionados con los proyectos urbanos de la ciudad de Santiago, divulgación de variados aspectos relacionados con las restantes ciudades que comparten la capitalidad del año 2000 (Avignon, Bergen, Bolonia, Bruselas, Gracovia, Praga, Helsinki, Reykjavic), y completando sus 32 páginas con colaboraciones de temática jacobea, actividades culturales, entrevistas a los políticos gallegos y de la corporación local, etc.

El primer número de este nuevo *Libredón* (Compostela'2000) ha visto la luz en junio de 1999, un mes después que el nuestro, y ha aparecido sin depósito legal de ningún tipo (?). Sin embargo, no vamos a protestar por la aparición de nuestro hermano pequeño y gemelo. No es por maldad, pero estamos casi seguros de que viviremos bastantes más años que él.



¡Ah del Camino!

Crónica en Román Paladino



Fotografía: Manuel G. Vicente

TEXTO: José Antonio de la Riera

¿Dónde el Camino? ¿Dónde las asociaciones jacobeanas? El Camino donde siempre, aguantando. ¿Algún problema en el Camino de Santiago?. No, vive Dios. Respecto al trazado, al camino físico, todo bien. Sobre todo en el Camino Francés, que para eso es Patrimonio de la Humanidad, y la Unesco es muy mirada. El Camino Real Francés al Burgo Ranero quedó chanchi pirulí con los arbolitos de la señorita Pepis, a ver si lo iluminan, coño, que muchos se quejan de no poder caminar con la fresca. El pifostio de Murias de Rechivaldo, menudo farde de autovía, no fue para tanto, y respecto a lo de Samos, pues bueno, se cargaron caballos centenarios y al final el alcalde asfaltó, pero no pasa nada, se va por San Xil y ya está. Yesos rompehuevos de la Asociación Galega (que fueron a manifestarse y a dar la tabarra al Sr. Alcalde) que se estén quietecitos a ver si se rompe la armonía del Camino y todo el tinglado de subvenciones. Bastante la liarón con lo del Monte del Gozo. Sobre todo, armonía.

Y va a quedar fantástico lo de las terminales de ordenador en los albergues, que están detrás una Caja de Ahorros y alguna que otra gente importante "del Camino". Porque vamos a ver: si las asociaciones jacobeanas siguen con esa maravillosa y seráfica política de "mimar al peregrino" y estamos ya en días de convocar una olimpiada de cura de ampollas, para que frustrar a todo peregrino urbanita (la mayoría) que viene al Camino buscando precisamente eso, un ordenador.

¿Y las asociaciones jacobeanas? "Etc. gentes innumerabilis". Las hay con cinco socios y la suegra que pretenden imponer, a grito pelado, el trazado de su particular itinerario de peregrinos justo ante la puerta de su casa. También los que se quejan de que todo se lo lleva el Camino Francés, para algunos "el de la meseta" (por cierto Galicia es Camino Francés. ¿Será meseta o cumbre borrascosa?). Señores si ustedes, que empezaron en muchos casos a saber lo que era el Camino de Santiago después de los fastos del 93, hubieran trabajado tanto como muchísima gente del mencionado camino mesetario, a destajo y durante muchos años, otro gallo les cantara. Dejen de llorar, aprendan y trabajen carajo.

Luego están -y son un ejemplo- las que utilizando recursos siempre escasos, pero derrochando entusiasmo, horas y esfuerzo, atienden, informan, orientan y ayudan a una verdadera avalancha entre la que se mezcla, con los peregrinos, el fruto de esa propaganda, ciertamente ajena, de: ¡Todos al Camino que son vacaciones!. Ellos mantienen la llama del viejo espíritu contra viento y marea. No piden nada, lo dan siempre todo.



Y están, por supuesto las superguays. La mayoría ocupadísimo con lo de los concursos fotográficos y las charletas explicando lo fantástico que es el Camino, y muy ilusionados, todos y todas, porque se ha creado un verdadero parque de ampolleros. Hay que darlo todo en eso de cuidar al peregrino. Ciertamente hay que pulirse más y buscar los hospitaleros más franciscanos, -sería bueno buscarlos en el Hare Krishna, ahí hay cantera- y desde luego dar a los peregrinos un manual con todos sus derechos, que exijan, pobrecitos, con lo mal que lo pasan. Ocurre que, últimamente, los hay que ya no se dejan, ¡ingratos! y prefieren dormir al raso, les han dicho que el Camino antes era así, y lo prefieren. Están locos.

En lo que se refiere a peregrinos, fantástico. Se debería reivindicar la Compostela con 25 Kms. cumplidos, a jornada de maruja (o marujo, que habernos haylos). Así las encuestas de la Pilgrim Bureau serían ya el despelote absoluto, que poco le falta. En algo de eso anda ya la catedral que concede la llamada "Compostela Mirítima" a todos lo que van de excursión desde Ribeira y desembarcan en Césures (¡que si coño, que e vero!). Lástima que luego los alcaldes de la ruta -nada menos que once- hayan declarado "persona non grata" al promotor de la historia. ¡Que gol, D. Jaime, que gol!. (vide "Correo Gallego, multitud de números).

¿Relaciones con las administraciones públicas? Para algunos cojonudas. Hay asociaciones que reciben subvención hasta en el cielo de la boca, precisamente para eso tan interesante de los concursos fotográficos y lo de la cura de ampollas. (Menos mal que la Xunta de Galicia, por ejemplo, es cada vez menos idiota y ha cerrado sabiamente el grifo a muchos cuya máxima aportación a la mayor gloria del Apóstol era la función gastronómica anual y visita de rigor al Finisterre galaico incluyendo, claro está, botafumeiro que te crió y muchos croques. Robre Miteo).

¿El Camino? Eso es cosa de la administración, que lo hace de cine. Poco importa para algunos, tan embebidos en las particulares sesiones de sauna y masaje de "sus" peregrinos, que pronto quede solo una soberbia red de albergues sobre el Camino de la nada. ¿La defensa del viejo espíritu jacobeo? ¿El coraje que nos llevó a las asociaciones? Eso era cosa de Elías Valiña, que era un antiguo y además era muy suyo y tenía muy mala leche. Y además en O Cebreiro tenían un albergue fatal, fijaros, una palloza.

¿Que como han llegado muchas asociaciones jacobeanas a semejante nivelazo? Pues por los mismo que anda descafeinada últimamente la revista Peregrino: por huevones, melifluos y acomodaticios. ¿Alguna solución? Si. Echarse otra vez al monte. Es decir, al Camino.





A Desfeita de Samos: Un gravíasimo atentado conta o Camiño Francés en pleno Ano Santo

“De como aconteceron os feitos, e como a administración responsable, entrementes bailaba cos Rolling”

1 - En 1992, a Consellería de Cultura (Xunta de Galicia), por medio da entón denominada *Sociedade de Xestión del Xacobeo'93*, sacou a concurso público a obra de Rehabilitación do Camiño Francés a Santiago. O devandito concurso foi gañado polo equipo dirixido polo arquitecto Jesús Asenio Díaz, que comezou a súa actividade na provincia de Lugo. Ólle chegaro turno á variante de Samos, o responsable da obra, considerando que a *Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago* era unha entidade que dera probadas mostras de coñecerlo Camiño Francés e as necesidades dos peregrinos, tivo a deferencia de poñerse en contacto connosco de cara a recuperar a senda histórica desta variante. Percorrendo o vello Camiño Real, perfectamente identifica-

do pola documentación e a cartografía histórica (incluso polo P. Sarmiento nas súas visitas á zona da que era orixinaria a súa nai) e máis pola memoria dos habitantes do val do Oribio, que fixeron constar que **aquel era o único camiño entre Triacastela e Samos, que cruzaba tódalas aldeas do val, antes de que se fixera a estrada**, estivemos plenamente de acordo con Jesús Asenio en que o itinerario debía ser restaurado, sinalizado e protexido, e así o fixo constar na memoria, procedendo a reparar, con obras menores, a vía (en particular no tramo abranguido entre San Cristobo do Real e Samos). Xa que logo, e coa salvadade do Camiño Real entre Teiguín (casas de arriba) e Pascuais, do que se apropiara un particular apoiado polo alcalde, de momento non tocado para evitar 'proble-

mas políticos', todo o itinerario foi habilitado a cargo do orzamento previsto para a Provincia de Lugo, que ascendía a máis de 300.000 millóns de pts.

2 - Unha vez rematadas as obras de mellora do Camiño, a *Sociedade de Xestión* colocou na variante de Samos os habituais carteis metálicos, de fondo azul coa representación dun peregrino, sinalizando os dous desvíos que, desde a estrada xeral, debían tomalos peregrinos. Deste xeito, aparentemente, a variante de Samos quedou protexida ó abeiro da Lei de Protección dos Camiños de Santiago; asemade, pois todo o facía prever, quedaba tamén perfectamente integrada na *Delimitación Oficial do Camiño Francés* efectuada pola Dirección Xeral do Patrimonio. Xa que





logo, todos entendíamos que esta variante tamén formaba parte da *Declaración de Patrimonio da Humanidade* concedida pola UNESCO(XII-1993) ó Camiño Francés.

3 - En 1994, sempre en apoio do anteriormente exposto, a *Asociación Cultural Río Lor*, da que forma parte o Concello de Samos, procedeu a sinalizar en detalle a Variante xacobeas de Samos, polo Vál do Oribio, entre San Cristobo do Real (Samos) e Aguiada (Sarria), núcleo onde este camiño volve empatar coa Variante de San Xil. A obra consistiu en limpar de maleza este camiño, así como sinalizalo cunhas estacas que levaban unha placa branca coas características frechas amarelas que identifican todos os camiños xacobeos de peregrinación. Lóxicamente, o Concello de Samos, entón presidido polo independente Carlos Belón (o mesmo alcalde que agora pertence ó PP) **coñecía e auspiciaba esta actuación**, pois, non o esquezamos, a sé e oficinas da citada asociación estaban en Samos.

4 - Dous anos despois, e tras comprobarmos sobre o terreo que aqueles sinais colocados pola *Asociación Río Lor* estaban moi degradados ou mesmo desaparecidos, a *Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago*, entón presidida polo P. D. Elixio Rivas Quintas, organizou unha marcha de dous días (5-6 Xuño-1996) para re-pinta-las frechas amarelas que guiaran ós peregrinos por un camiño seguro, totalmente peonal, afastado da estrada. En aquel momento, con gran disgusto, tivemos a ocasión de comprobarmos que o tramo abranguido entre **Véiga de Reiriz e o límite do concello de Samos** estaba a ser asfaltado a cargo dun plan de obras da Deputación Provincial de Lugo.

5 - Mediante escrito do 17-VI-1996, a *Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago*, única e exclusivamente en cumprimento dos seus estatutos, denunciou tal atentado contra o Camiño Francés á entón *Dirección Xeral do Camiño de Santiago*, presidida polo Sr. Silva Romero. Mui atento, o director xeral nada puido facer para deter unha obra que xa estaba practicamente consumada, terciando na polémica, inexplicablemente, o alcalde de Portomarín, que chegou a acusar aos membros da nosa asociación de 'ignorantes' e 'inimigos do progreso', insultos que foron de abondo rebatidos coa formación dos membros da Xunta Directiva, moitos deles licenciados, doutores e autores de variadas publicacións xacobeas e ponencias en Congresos Internacionais, así como a nosa traxectoria de colaboración con todo tipo de institucións públicas, en particular coa Xunta de Galicia, razón pola cal participamos nos equipos que procederon a elaborar as propostas de delimitación do *Camiño Portugués, Camiño Inglés, Camiño Orensano e Prolongación Xacobeas a Fisterra*. Naquel entón, e para evitar levantar unha polémica estéril, pois o asfaltado xa non tiña remedio (por certo, tódalas aldeas beneficiadas por esta vía xa dispoñían doutras pistas asfaltadas de acceso), o asunto non pasou dunha nota na revista *PEREGRINO*, optando por deixalas cousas como estaban na esperanza de que, cando menos, os atentados contra esta variante cesarían.

6 - Cun desprezo total polo Camiño de Santiago, en 1998 o alcalde de Samos, Carlos Belón, solicita unha subvención, á *Consellería de Agricultura*, para proceder a asfaltar outros catro tramos da variante polo Vál do Oribio: **1-Abaixada ó muíño de Renche (200 m) -xa asfaltado-**, **2-A baixada de San Martiño do Real -desde o arrinque da estrada de Louzarella- a Samos (800 m)**, **3-O tramo paralelo á estrada de Sarria ata a aldea de Teiguín (1.000 m)** e **4-O tramo entre a pista que vén de Vilachá de Riba e Véiga de Reiriz (800 m)**, sumando un total de tres quilómetros que, no futuro, preténdense ampliar a outros tramos.

7 - Con grandísimas dificultades, pois tanto a *Delegación Provincial de Agricultura de Lugo* coma o *Concello de Samos* fixeron todo o posible para que os trámites de expropiación non saíran á luz pública, por fin conseguimos a documentación. En gran medida favorecidos pola denuncia posta por un veciño de Reiriz, disconforme co trazado da última pista polo medio dun predio da súa propiedade, e tramitada polo *Xulgado de Instrucción de Sarria*, que procedeu a suspender a obra ata que non se resolverse, a *Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago* enviou un escrito de queixa ó *Director Xeral do Patrimonio (Consellería de Cultura)*, dando noticia da gravidade do asunto á prensa galega. Pola súa banda, e a petición da AGACS, a *Federación Española de Asociaciones Jacobeas*, que agrupa a 25 asociacións e representa a milleiros de socios, **tamén fixo assíasi xestións perante a devandita Dirección Xeral e máis perante o Consejo Jacobeo**, explicando o problema ó Sr. Ponga y Salamanca. En calquera caso, e por ser o Camiño de Santiago un *Ben de Interese Cultural* afectado pola normativa xeral, e a específica marcada polo decreto da súa delimitación, puxemos tamén o asunto en mans dos nosos avogados, coa intención de presentar unha denuncia, perante o Xulgado de Sarria, en razón do que a propia lei considera un **grave atentado contra o trazado**.

8 - En contestación á *Federación Española de Asociaciones Jacobeas*, a *Dirección Xeral de Patrimonio* contesta que, segundo a súa delimitación, estes tramos, **recuperados con diñeiro público en 1992, 'no coinciden con el trazado del Camino Francés, según lo establecido en la Resolución del 12 de noviembre de 1992 de la Dirección General de Patrimonio Histórico y Documental'**, pasando a engadir que o Director Xeral, por Resolución do 26-VI-1997, autorizaba as obras cunha serie de cautelas entre as que se citan **'respetar los cierres de las fincas, el arbolado, los pasos de agua tradicionales...**, por tratarse de caminos sitos en el entorno de un monumento declarado'. Aquí témo-la primeira proba da lamentable e grave descoordinación habida entre a Sociedade de Xestión do Xacobeo e maila extinta Dirección Xeral do Camiño de Santiago, por unha parte, e maila Dirección Xeral de Patrimonio, dúas delas seccións da mesma Consellería de Cultura. Por outra parte, cabe salienta, cando menos, as **limitacións** impostas pola Dirección Xeral, en absoluto respectadas por un proxecto de obra que preve non soamente o asfaltado do camiño, senón



o seu ancheamento coa tala de varios castiñeiros e carballos centenarios e mai-lo derrube de valados antigos. A xustificación da *Dirección Xeral* para xustifica-lo trazado totalmente absurdo, ahistórico e perigoso para os peregrinos que seguía a estrada de Triacastela e Samia (por certo, bastante máis longo, nada menos que 4 qm, có tradicional) foi de todo punto 'peregrina': *Que o fixeran así para evitar que as obras da estrada Pedrafita do Cebreiro-Vendas de Narón -efectuadas entre 1992 e 1993- causaran excesivo impacto ambiental*. En realidade, a verdadeira causa é de carácter técnico, carencia de medios, manifesta irresponsabilidade, falla de rigor e mesmo cualificación e capacidade do personal ó que lle foi encomendado ó labor, que en ningún momento, ó parecer, consultou a memoria de obra do veciño departamento e, por suposto, ás Asociacións de Amigos do Camiño (colectivos que, por certo, manteñen unha estreita e proveitosa colaboración, pois así se aforran moitos gastos do erario público, coa administración autonómica de Navarra, La Rioja, Castilla-León, Asturias e o País Váscos).

9 - Neste punto, a mediados de 1998, o asunto de Samos -asfaltado xa o primeiro tramo- pasaba a ser político e non xurídico. Agora dependía do *Concello de Samos*, en primeira instancia, e da *Xunta de Galicia*, en derradeira, proceder ou non a consumir un atentado que, desde logo, viña propiciado por unha gravísima descoordinación entre departamentos. Sen embargo, nin *Concello* nin *Xunta* deron mostras de querer chegar a algún tipo de acordo, valorar outras alternativas, artellar algúns medios para aminorar o impacto das obras, etc, motivo polo cal a *Asociación Galega de Amigos do Camiño*, por estarmos ás portas do *Ano Santo*, e pola pésima imaxe que esta cuestión, que de ningunha maneira debía ser esquecida - como pretendía a *Dirección Xeral*-, podía dar a Galicia, optou por presenta-la súa queixa ó *Parlamento de Galicia*. Entre tanto, o alcalde de Samos, cunha torticeira intención, comeza a descalifica-la *AGACS*, indicando que estamos *'contra os veciños, contra o progreso de Samos, a prol de escuros intereses, de acordo con outros grupos políticos'* e outro tipo de acusacións falsas que unicamente pretenden reforza-la súa postura. Ó respecto, e aínda que non teña que ver nada co asunto si resulta de abondo significativo para avalia-lo 'nivel intelectual e xeito de actuar deste señor', convén lembrar que Carlos Belón, alcalde de Samos, xa se vira envolto nunha polémica moi grave cando projectara urbaniza-la veiga que rodea ó *Mosteiro de San Xulián de Samos* cunha colonia de adosados, procedendo, sen permiso, a tala-lo arborado de ribeira ó seu paso pola vila, sendo entón substituído por camelios e outras variedades exóticas (a *Dirección Xeral de Patrimonio*, por suposto, o fixo desistir de tan aberrante propósito). Hai pouco, o mesmo alcalde víuse obri-



gado a derruba-la súa vivenda, edificada ilegalmente, no concello de Samia.

10 - O *Concello de Samos*, que obtivo unha serie de axudas do *Plan Leader Río Lor*, no colmo do esperpento **procedeu a crear unha senda paralela, á beira da estrada entre Samos e Teiguín** -da que afirma sentirse 'encantado'-, ó mesmo tempo que ten previsto asfalta-lo **Camiño auténtico**, que discurre en paralelo á estrada, por unha senda de terra entre pasteiros e arborado, 20 m á dereita desta vía. O asunto agrávase se temos en conta a intención de prolongar esta delirante senda ata Samia ¿Non estamos perante un caso de evidente despilfarro de diñeiro público? ¿Como se pode facer un **camiño novo, falso, meramente decorativo**, e **esquece-lo verdadeiro Camiño Real que sempre seguiron os peregrinos e a propia Xunta de Galicia ten sinalizado con carteis oficiais**? ¿Acaso se pode consentir que o capricho e a ignorancia impoñan un invento artificial contra o peso da tradición e a historia? ¿Como pode a *Consellería de Cultura*, enquistada no seu propio e grave erro, bendicir unha barrabasada de tal calibre?

11 - De forma meramente testimonial, a *Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago* programou unha pequena marcha de protesta, unicamente cos seus socios, o día 23 de Xaneiro de 1999 polos tramos que se pretenden asfaltar. O alcalde, como contestación, reuniu ós veciños favorables ó alfaltado para amosa-lo seu apoio incondicional á obra. Pola súa banda, os veciños contrarios ou afectados pola obra, tamén manifestaron a súa postura. Tal situación, de confrontación entre os veciños, lonxe de beneficia-lo interese do Camiño, **principal recurso turístico e comercial da localidade**, está a causar un grave prexuízo á imaxe de Samos no Camiño Francés. Á súa postura soberbia, á brava, ten o seu maior valedor na incompetencia da *Dirección Xeral de Patrimonio*, como se comproba, incapaz de defende-los valores paisaxísticos, etnográficos e monumentais dunha ruta declarada *Primeiro Itinerario Cultural Europeo (Consello de Europa)* e *Patrimonio da Humanidade (UNESCO)*. A defensa deste itinerario, ás portas do terceiro milenio, constitúe unha cuestión de prestixio e dignidade para Galicia, e máxime cando **ningunha das obras previstas vai ofrecer un necesario servizo a vivendas** (unicamente serán pistas para tractores e gando de acceso a predios), non sendo nos contrarios a que se mellore o firme dos camiños, como se ten feito noutros lugares, por outros medios menos impactantes.

12 - Xa que logo, e sempre en conformidade cos seus estatutos, e na defensa dun **Camiño histórico, de peregrinación e cheo de todo tipo de valores culturais**, a *Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago* non terá máis



remedio, en caso de que o camiño sexa asfaltado ó seu paso por Samos, que toma-las seguintes determinacións:

a - Facer unha campaña informativa, a nivel internacional, para poñer en coñecemento das asociacións xacobeas de todo o mundo (máis de 100) o grave atentado cometido en Samos.

b - Enviar un documentado informe de protesta ó Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Parlamento Galego, Parlamento Español, Consello de Europa, Parlamento Europeo, Comisario europeo de Agricultura (responsable da xestión dos planes *LEADER* e UNESCO), para dar a coñecer este lamentable asunto.

c - Programar unha campaña, a nivel de guías, folletos, carteis, foros e congresos xacobeos, etc., para recomendaren ós peregrinos que non usen a variante de Samos, destrozada polo alcalde, ignorada pola Xunta, e substituída ó facela coincidir cunha estrada de moderno trazado.

d - Declarar ó alcalde de Samos, Carlos Belón, persona non grata ás Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago.

Con todo elo, en primeiro lugar pretendemos concienciar ós veciños de Samos, moitos deles dependentes da hostelería e os servizos, para que valoren se resulta oportuno e convinte que, por asfaltar tres quilómetros de carreiros que non resultan absolutamente indispensables para dar servizo a vivendas, se poida xerar unha imaxe tan negativa da vila e do concello. En realidade, non é cuestión de causar prexuízos a ninguén, senon de considerar se é xa chegada a hora de tomarse en serio, máis aló das campañas de propaganda e das obras de mera maquiaxe, a protección do Patrimonio galego. Investir na protección do Camiño é investir nun futuro que xa é actualidade noutras áreas de Galicia, España e dos países máis desenvolvidos da Unión Europea. Asituación exposta paso a paso, a parte de vergonzosa e esperpéntica, deíxa en moi mal lugar a unha comunidade que pon tantas expectativas, máxime en pleno Ano Santo, no Camiño e Santiago e maila peregrinación. Apolítica de permisividade, en espera de que muden as mentalidades ou aumente a concienciación ou o nivel cultural do pobo, soamente pode acarrear destrozos moi difíciles de reparar o día de mañán.

Santiago de Compostela, 20-II-1999 (Ano Santo
Compostelán)
AXunta Directiva da AGACS

Este documento, elaborado e aprobado pola nosa directiva a comezos deste tempo de Xubileo que non o é tanto no eido da protección ó patrimonio, viuse rapidamente superado pola acción do devandito e reelegido alcalde.

En primeiro lugar, e retando á Asociación, á Razón -que dirían os filósofos alemáns ou os revolucionarios franceses- e mesmo ós consellos da Dirección Xeral de Patrimonio de cara a protexer os valados tradicionais e mailas arbores centenarias situadas á beira do camiño, o Sr. Belón, co apoio dos veciños e co único interese de manterse a toda costa na poltrona, sen visión de futuro, contentando as ata certo punto razoables demandas destes, procedeu a descalificaren tódolos opositores coma 'ignorantes, conspiradores políticos e inimigos do progreso de Samos'. Desafogado con tan 'culto e ilustrada verborrea de alta política', procedeu a consumir o máis grave atentado practicado contra o Camiño Francés no último lustro, asfaltando, segundo estaba previsto, os tres tramos referidos, que en total suman 4 qm. Ademais, e malia a polémica xerada nos medios de comunicación, que incluso chegou a supera-las fronteiras de Galicia e mesmo de España, con ampla divulgación por internet e coñecemento mesmo da UNESCO e do Parlamento Europeo, non se tomou a mínima medida correctora para evita-lo impacto da obra ou, cando menos, deixar algunha pegada en referencia ó carácter histórico deste camiño. Para máis inri o Sr. Alcalde, obstinado coma un porco bravo, colocou un fachendoso cartel na senda por el inventada e creada con fondos europeos que reza: 'Senda dos peregrinos'.

Acumulación desta traxi-comedia remata coa acción da Xunta de Galicia, que despois de asfaltado o Camiño, entre tanto a administración se tiña lavadas as mans, envía un todo-terreo para limpar e sinaliza-lo Camiño polo tramo recién asfaltado. Xa nos contarán vostedes que podemos agardar desta contemporizadora e contradictoria maneira de actuar e reaccionar.

ACuestión de Samos non pode ser esquecida polas asociacións xacobeas e os peregrinos. O Sr. Carlos Belón debe ser declarado inimigo número 1 do Camiño de Santiago e persoa *non grata* para os peregrinos. En canto á Dirección Xeral de Patrimonio, última responsable do asfaltado polo seu incompreensible e inadmisíble erro á hora de delimita-lo itinerario, alguén debería dá-la cara para responder dunha actuación tan incompetente. Os cidadáns, as asociacións, non podemos se-la policía que supla en todo momento a incompetencia da administración; os servidores do público bastante teñen con cobrar estupendos salarios, con prazas vitalicias ou de designación a dedo, para por riba eludir as súas responsabilidades aludindo a que nada se dixo cando, nun verán de non sei cando, se fixo a preceptiva exposición pública de delimitación. ¿Pero quen podía supoñer, entón, que a delimitación iría por un camiño diverso do que xa estaba sinalizado con carteis oficiais?

Para que todo este asunto non sirva de precedente, Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago vai propor ó V Congreso Internacional de Asociacións Xacobeas a inclusión, nas súas conclusións, da censura ó sr. alcalde de Samos e ó sr. director xeral de patrimonio pola súa acción e omisión neste doloroso asunto.



Novos Albergues nos itinerarios galegos

Se ben, Deus mediante, temos pensado entregar ós nosos asociados e lectores un completo informe que inclua tódalas novidades do Ano Santo habidas en cada un dos camiños de peregrinación que percorren o territorio galego (habilitación de vías paralelas en terra, obras de sinalización con marcos de pedra, construción de albergues, creación de áreas de lecer, etc), polo momento imos reproducir o listado de albergues que a Xunta de Galicia ten previsto construír en cada itinerario.

Camión Francés.

A rede de albergues, modélica para a acollida dos peregrinos, conta desde este ano cun novo edificio en **Arzúa**, provisto de 48 prazas en liteiras, que contribúe decisivamente a alixeiralo habitual 'completo' do popular hosi-

pio), **Mlanova de Lourenzá** (con 18 prazas) e **Sobrado dos Mbnxes** (66 prazas na antiga e ben restaurada Casa das Audiencias, inmediata ó mosteiro bernardo e sobre o arco que dá acceso ó seu adro). Aeles debemos sumalos de **Baamonde** e **Vilalba**, hai pouco inaugurados. Deste xeito, este itinerario queda perfectamente servido no seu traxecto galego.

O Camión Primitivo, moi ben servido desde Oviedo pola rede de albergues creada polo principado de Asturias, conta desde este ano en Galicia co albergue de **O Cádavo** (12 prazas), e pronto co de **Lugo**, que estará na rúa Nõreas. Para completa-la atención dos camiñantes, é de supor que tamén estarán en proxecto outros na Fonsagrada, Castroverde e nalgún punto entre Lugo e Melide.

zas), **O Porriño** (ambivalente para realizar actividades socio-culturais), **Pontevedra** (56 prazas), **Padrón** (muy coqueto y en un antiguo edificio con balconada, ofrece 42 prazas) e **Teo** (de nova planta e a todas luces innecesario, con 25 prazas). Para pecha-la oferta hospitalaria unicamente botamos en falla o de **Caldas de Reis**.

Agora procede agardar que os nosos imáns portugueses tomen tamén a iniciativa no seu tramo de Camión, corezando polos concellos máis próximos á fronteira e que xa teñen as súas asociacións xacobeas organizadas e os seus camiños sinalizados coas frechas amarelas (Valença do Minho, Paredes de Coura, Ponte de Lima, Barcelos), e continuando logo cara ó sur, a poder ser ata Braga e Porto.

Para pecha-la oferta hospitalaria unicamente botamos en falla o de Caldas de Reis.

tal de Ribadiso. Outro proxecto, do que non paga a pena nin falar, é a faraónica obra prevista polo sr. alcalde de Samos, se cadra para expiar así o seu asfaltado da ruta histórica.

Camión Norte.

Nã ruta da costa xa hai bastante que funcionan os albergues de **Ribadeo** (un pequeno, coqueto e precioso edificio, de 12 prazas, con vistas sobre a ría do

Camión Portugués.

Os desveos do conselleiro Pérez Varela por este itinerario, cheo de futuro e recuperado integramente pola AGACS entre os anos 1992 e 1993, están a dá-los mellores froitos. Trala inauguración do espectacular albergue de **Redondela**, instalado nun valioso edificio histórico (a Casa da Torre, con 30 prazas), a trama foi completada coa apertura dos respectivos de **Tui** (40 pra-

Camión Inglés.

A grande revelación deste Ano Santo, no tocante ó número de peregrinos que o están a percorrer, é o Camión denominado Inglés. E iso sen contar que os peregrinos procedentes da Coruña, por capricho personal de D. Jaime Rodríguez, están privados de obte-la **Compostela** a menos que dean algúns rodeos, ou voltas á Santiago antes de entrar na catedral, para completa-los 100 qm de maras.



Nesta ruta xa temos en funcionamento os albergues de **Miño** (21 prazas) e **Bruma** (21 prazas), e está pendente de remata-la obra do de **Neda** (que terá 32 prazas). Aúltima hora tamén se tomou en consideración crear outro albergue en **Betanzos**. Na Coruña, a Confraría de Santiago solicita a planificación doutro entre a cidade herculina, que conta cun albergue dependente dun

esfuerzo por recupera-lo camiño en Ourense, labor ó que non foi allea a AGACS, non ten a súa correspondencia no resto do itinerario polas provincias de Pontevedra e ACoruña, quedando pendente o establecemento de albergues en Dozón, Lalín e algún lugar próximo ó río Ulla.



Ribadeo: Albergue de peregrinos

convento de monxas, e Bruma, por ser esta unha etapa moi longa (a poder ser en Cambre).

Camino Ourensán.

Amorea de camiños paralelos, para contentar a todos, que se están a crear en Ourense (o tempo dirá cales funcionan ou non), está a xerar unha proliferación de albergues, algúns ben próximos entre eles, en toda a provincia. Entre eles contamos cos da **Gudiña** (25 prazas), **Verín** (ocupa un nobre casarón brasoado do século XIII, a Casa do Asistente, e dispón de 16 prazas), **Monterrei** (o antigo hospital gótico da fortaleza dos condes, cunha meritoria rehabilitación), **Sandiás** (22 prazas), **Vilar de Barrio** (22 prazas), **Xunqueira de Ambía** (en obra), **Ourense** (no convento de San Francisco, con 28 prazas), **San Cristovo de Cea** (26 prazas nun edificio do casco antigo) e no **camping Medelo** (Silleda, con 25 prazas en áreas de acampada). O grande

Prolongación a Fisterra e Muxía.

Nesta ruta, a máis frecuentada polos peregrinos tralo Camino Francés, temos ate agora o albergue de **Fisterra** (deseñado polo arquitecto César Portela, atópase á beira do porto, e conta con 17 prazas), o de **Negreira** (de próxima inauguración, con 33 prazas) e acaba de ser adjudicado o de **Olveiroa** (no concello de Durbria). Por suposto, está pendente a concesión doutro albergue en Muxía, ate agora non excesivamente visitada polos xacobitas.

En Galicia y Asturias, los emigrantes transoceánicos del siglo XIX y primer tercio del XX, comunmente conocidos como "indianos", desarrollaron una notable labor en el plano socio-educativo. Algunos de ellos, caso de **D. Fernando Manuel Blanco de Lema (1796-1875)**, que hizo fortuna en Cuba, invirtieron una buena parte del fruto de su trabajo y ahorro para evitar, precisamente, que sus convecinos se vieran obligados a abandonar su tierra o, en caso de hacerlo, a realizar cometidos miserables por falta de una elemental instrucción (en la "Perla de las Antillas", los gallegos enigrados en su época llegaban a trabajar incluso en peores condiciones que los esclavos negros).

Este espíritu filantrópico, unido a una firme profesión de fe, se manifiesta en su testamento, otorgado en los albores de la Restauración borbónica y por medio del cual destina una gran parte de su fortuna a construir y mantener en Cée un colegio de primera y segunda enseñanza. Una vez avanzada la obra, sus restos mortales fueron trasladados a la capilla del instituto, donde reposan, en 1883.

Las obras del edificio se desarrollaron, a un ritmo bastante rápido pese a las diversas polémicas y problemas surgidos,



entre el verano de 1880 y el mes de mayo de 1884; fue autor del proyecto, siempre adaptado a un estricto plan pedagógico, el arquitecto José María Aguilar.

Tras los retoques del interior, el primer curso académico sería inaugurado el 2 de octubre de 1886. La fría pero monumental arquitectura del colegio -con un algo de *college* británico-, todo un sueño para una pequeña villa marinera, poblada por unas mil almas, como Cée, se erigió sobre el modesto caserío como un faro simbólico que contribuiría a redimir a los paisanos en los caminos de este mundo. El montante total de lo gastado ascendió a 185.922 pesos y con el remanente del legado aún se pudo erigir, sobre la casa natal del prócer, una Escuela para Niñas (1882-83).

Si el continente resulta aún hoy espectacular, por mucho que los modernos edificios hayan rodeado con insolencia el conjunto, otro tanto se puede decir del contenido con que fue dotado.

Dentro de un ambicioso y moderno proyecto educativo, la fundación tenía desde su apertura una biblioteca envidiable, con más de 2.000 volúmenes y suscripciones a enciclopedias y diversas publicaciones científicas. Disponía asimismo de un teatro, pre-

*Las colaboraciones marcadas con un asterisco también fueron enviadas a la revista PEREGRINO



V CONGRESO INTERNACIONAL DE ASOCIACIONES JACOBEEAS
Fisterra '99

cursor del presente salón de actos en el que se desenvolverán las jornadas del V Congreso Internacional de Asociaciones Jacobeas, completos gabinetes de física y ciencias naturales, un laboratorio de química y una buena colección de instrumentos



que preside su altar, y que custodia el mausoleo, en marmol blanco, del benefactor.

Un punto y aparte lo constituye el **parque botánico**, concebido a la manera de los exóticos jardines indianos que rodeaban las ostentosas mansiones de los emigrantes retornados después de "hacer las Américas". En él, según diseño del arquitecto Aguilar, se imitó la configuración de los jarcines pacegos, tan abundantes en Galicia, con presencia de cedros del Atlas y el Líbano, magnolias, criptomeras, palmeras canarias, un laurel real, aligustres, carmelias, rododendros, tejos, un abeto del cáucaso, setos de boj, etc. El Jardín Antigo tiene su continuidad en una pradera recientemente arbolada con platanos y castaños.

Visto lo anterior, podemos congratulamos de contar en esta ocasión con un edificio histórico, vinculado a la emigración y que tanto ha significado para la instrucción y el progreso material de la comarca, como dignísima sede del V Congreso Internacional de Asociaciones Jacobeas.

musicales para el uso de la rondalla y acompañamiento del orfeón con los que muy pronto también contó. En un plazo muy breve, todas estas piezas serán expuestas en un Museo, debidamente instalado en el Colegio de Niñas.

De la colección artística del colegio merecen ser destacados los ocho retratos del filántropo y sus testamentarios, ejecutados por Federico de Madrazo (1884-88), que supusieron una gran sorpresa para crítica y público en la antológica que sobre el pintor se celebró en Madrid hace unos años. De su discípulo, Francisco Díaz Carreño, son los cuadros de temática religiosa conservados en la capilla. Y ya que hablamos de la capilla, señalar que ésta fue consagrada bajo la advocación de Fernando III el Santo,





Inés I. Amorín, creadora do "Santiaguíño" que preside o congreso

Antón Pombo Rodríguez

Inés é unha compostelá de pro, pero o azar, que lle permite vivir diariamente, desde 1977, a borracheira de arte barroco desta cidade Patrimonio da Humanidade -a súa casa está nada menos que na rúa da Acibecheira, con vistas a San Martiño Pinario e maila Quintana, e ata hai ben pouco cun vello obradoiro de restauración de imaxes de santos ós seus pés-, quixo que viñera ó mundo, cousas da emigración, en Caracas (1968).

O seu curriculum semella unha boa carta de presentación para comprender a súa afición polas belas artes. Licenciada en Historia da Arte pola Universidade de Santiago, coas especialidades de Arte Antiga e Medieval e Museoloxía, tamén realizou un curso de postgrao de Arquivos e Bibliotecas, os estudos de Teoloxía e está a completar a carreira de piano (5º de solfeo e 4º de piano). Metan vostedes todo isto nun recipiente, aliñado co seu gusto pola pintura e ó lume vivo dun carácter inqueado e idealista, e comprobarán que o pote está preparado para producir un excelente manxar de creatividade co adubío dunhas pingas de misticismo.

Dúas persoas ben coñecidas, Serafín Moralejo -agora na Universidade de Harvard- e Xosé Romero -hoxe bispo auxiliar de Madrid-, foron quen de saber espertar as tendencias creativas

de Inés. O primeiro, e isto sabémolo ben os que tivemos a fortuna de desfrutarmos das súas inesquecibles clases maxistras,

amosándolle o fantástico mundo do románico e a delicadeza dos códices iluminados nos escritorios monásticos. Xúio, valorando as súas pinturas e estimulando o seu proceso creativo co encargo dunha serie, moi propia do Nadal, sobre a Infancia de Cristo.

¿De onde lle vén o gusto por pintar? Pois xa do colexio e do instituto, pero en particular tras coñecer-lo mundo da miniatura medieval. Do mesmo xeito cós *fauvistas*, Inés descubriu as cores salvaxes daqueles iluminadores mozárabes de Beatos e Biblias, que terán a súa continuación no mundo do románico e, en certo modo, no gótico. Como non podía ser doutro xeito para quen valora a imaxinación e a meticulosidade, tamén sente devoción polo Bosco, e entre os mestres contemporáneos, por Modigliani ou polo inxenuismo de Botero. As súas miniaturas, xa que logo, son debedoras, en primeiro lugar, dese mundo medieval convertido por ela en canteira iconográfica a recrear, pero tamén de Gauguín, do expresionismo alemán e do aduaneiro Rousseau e toda a filosofía da pintura naïf.

Ó non estudar debuxo (si fixo esmalte ó lume), a nosa autora atopou bo acomodo nese mundo románico





V CONGRESO INTERNACIONAL DE ASOCIACIONES JACOBÆAS
Fisterra '99

que chuchou desde moi cedo en Praterías, o Pórtico da Gloria - malia ter perdida a súa intensa policromía orixinaria-ou a Porta Santa. Incluso, e como dato anecdótico, moi preto da súa casa apareceu a célebre peza dos tres cabalos que forma parte de ese coro pétreo de Miteo que acaba de ser parcialmente restaurado. Afalla de proporcións, de perspectiva, de estrictas normas, é para ela preferible ós cánones do gótico, de maneira que se chega a considerar plenamente identificada cos artistas populares que, nos obradoiros itinerantes do tempo de Xelmírez e dos seus sucesores na mitra, acompañaban ós mestres Estevo, Bernardo, Miteo...

Así pois, e a partir deste mundo románico como principal fonte de inspiración, xa podemos comprender que Inés non fai debuxo arqueolóxico -ó estilo do brigantino Alfredo Erias-, senón máis ben todo o contrario, procurando a recreación literaria, eliminando os motivos que non interesan, introducindo algunhas 'melloras', inventando as cores, etc. Pero no románico tamén hai escolas, e entre elas fuxe das italianas e do mediocidio francés pola súa tendencia clásica, preferindo as tendencias máis primitivas, inxenuas, rudas, bárbaras.

Cando pinta, Inés non pode esquecer unha nota, recollida nun libro do gran medievalista que é Duby, que un monxe iluminador, canso daquel esforzo cotián baixo a feble luz dunha vea, escribiu á marxe dun códice:



'Duro mester que escurece a vista, xoroba, afunde o peito e mailo ventre, amola ós riles. É unha dura proba para o corpo todo. Por iso, lector, volxe con dozura as súas páxinas e non poñas os dedos enriba das letras.'

Deste xeito tan esforzado, do seu particular obradoiro teñen saído, moi paseniño, senllas series sobre a Infancia de Cristo (con motivos tomados de toda Europa e dando lugar a unha orixinal colección de postais de Nadal) e o Bestiario (elefantes, sereas, grifos,...aínda en curso) ou diversas imaxes do Camiño Francés, con nutrida presenza de representacións compostelás (David de Praterías, Anciáns da Porta Santa...). En proxecto confésanos que tamén lle encantaría pintar outras series tomadas dos motivos que aparecen nos textos de Berceo, os famosos relevos do claustro de Silos, o friso da Catedral de Ciudad Rodrigo ou reinterpretando as placas de eboraria das arquetas de San Millán e San Felices (San Millán de la Cogolla); todo será cuestión de atopar un mecenas ou patrocinador.

No tocante ó Santiaguíño de Fisterra, que formou parte dun antigo baldaquín gótico, unha boa amiga de cando estivera por Dumbria, María, traballou como desinteresada axente para dar a coñece-lo motivo: ¡imposible atopar un emblema máis autóctono, apropiado e chamativo para o cartel do noso V Congreso de Asociacións!





d e

DUIO

TEXTO: Manuel Vilar

Duio é hoxe o nome de dúas pequenas parroquias situadas á entrada de Fisterra e colocadas en vizoso val a caballo do bravo *Mir de Fóra* e do máis manso *Mir de Dentro*. A tradición conta que aquí había unha cidade importante e que nela residía o legado romano, a onde acudiron os discípulos de Santiago para pedirlle permiso para enterrar ao apóstolo. Filoto ou Filotro, como así se chamaba o romano, mandounos prender. Pero de noite uns crentes, dos poucos que convertira o Apóstolo, abríronlle as portas e lograron fuxir. Os romanos saíron tras eles, pero o estaren sobre unha ponte esta veuse abaixo e pereceron afogados nas augas do río, mentras Teodosio e Anastasio, os discípulos de Santiago, lograron fuxir e puideron enterrar ao seu mestre.

Hai outra lenda sobre Duio. Nela o Apóstolo está presente nestas terras para predicar o evarxeo. Pero os seus moitos esforzos non logran amainar o culto ao sol e implantar o da cruz. Desanimado por este desaire tería pedido ao Señor que fíxese desaparecer a cidade de Duio baixo as augas para sempre. De aquí Santiago marchouse cara Mixía, onde lle apareceu a Virxe.

Ná mitoloxía do norte de Europa atopamos lendas referentes a un posible fin do mundo por asolagamento, e isto é o que lle pasou á cidade de Duio. Ná tradición escandinava do Ragnarök os deuses baixan a combater contra os xigantes e, entón, o mundo dos vivos é engulido polo lume e cuberto pola crecida do mar -The sun grows dark, /the earth sinks into the sea, /the bright stars /vanish from heaven, /smoke rages /with fire, /the fierce heat plays /upon heaven itself-, dando lugar ao período chamado o "gran inverno". Esta tradición fálanos do moi espallada que estaban estas crenzas por todo o norte de Europa, sobre todo desde os Países Baixos até Dinamarca, nas costas expostas aos temidos vendavais do Mir do Norte. Hai moitas tradicións locais que falan que o fin do mundo chegará cando o mar chegue a cubrir o campanario da igrexa. Segundo Ellis Davidson este é un mito indoeuropeo que deixou diferentes trazas en distintas literaturas, desde a iraní até a irlandesa e pasando pola escandinava.

Duio é unha das tantas lendas de cidades asolagadas que poboan a nosa xeografía mítica e lendaria e que, aquí, sabemos ten a súa orixe no camiño a Compostela, polo que entra en Galicia o tema bíblico da cidade asolagada en castigo pola súa maldade e que ten unha clara mensaxe de catequización. Hai nela unha mensaxe cristiá que fala do premio celestial para aqueles que amen a xustiza, a caridade e outras virtudes cristiás alonxadas da conducta dos que naquel momento non eran cristiás, é dicir, os pagáns vinculados a cultos precristiáns.

Mais non debemos perder de vista estas outras tradicións que veñen do norte, tradicións precristiáns escatolóxicas que nos falan do día *of the Lord's judgement*. Este día virá -como escribiu Tírechán no século VII da nosa era- nalgún momento no futuro cando o que quede de nós será engulido polo mar e polo lume. Entón "that none of us (that is, of the Iris) should survive longer than seven years before the Day of Judgement, because seven years before the Day of Judgement they will be destroyed by the sea". No *Book of Ballymote* tamén se nos di que o mar cubrirá Irlanda sete días antes do día do xuízo final. Todas estas tradicións proféticas, que están na literatura irlandesa e nas sagas nórdicas, como a de Ragnarök, son estratexias usadas por persoeiros como San Patricio para converter aos irlandeses, utilizando as súas propias tradicións e ofrecéndolle unha taboa a que agarrarse para salvarse se aceptan a súa mensaxe cristiá. Pero despois de todo isto escoreza outro tempo, un tempo novo no que a terra emerxerá das augas e será verde e vizosa.



LA LEYENDA DE SAN GUILLERMO Y SU ERMITA EN LO ALTO DEL FACHO DE FISTERRA

TEXTO: Manuel Vilar

En una de las cotas más altas del promontorio del monte Facho y sobre la Punta de Cabanas, en un lugar apartado de los hombres, solitario y desértico, -como dicen algunos textos- se encuentran los restos de lo que debió ser la ermita de san Guillermo, uno de los vínculos de Fisterra con la ruta jacobea. Los otros son la propia leyenda de aparición del Apóstolo y una segunda leyenda en la que Santiago predica personalmente en estas tierras.

Hasta el alto de ese monte subían los peregrinos tras dos días de caminata desde Santiago para pedir perdón por sus pecados. Con respecto al morador que le ha dado nombre hemos rastreado dos versiones de la historia. La primera hace referencia a un ilustre peregrino, el duque Guillermo de Aquitania, Guillermo X, quien, cumplidas sus obligaciones devocionales en Santiago, se habría acercado a Fisterra para llevar una vida de eremita hasta sus últimos días. Los detractores de esta versión argumentan que el duque de Aquitania no pudo haber hecho el camino de Santiago porque el descubrimiento del sepulcro del Apóstol es posterior. Por este motivo, -tal y como defiende Esmorís Recamán, médico fisterrán y estudioso de este tema-, el san Guillermo fisterrán sería un anónimo ermitaño de este nombre que habitó esos pagos y al que el pueblo canonizó por su cuenta, sin, por ello, ser reconocido oficialmente como santo por la iglesia.

Si existe coincidencia entre autores al relatarnos una preciosa leyenda vinculada a este santo. En esta ocasión la reproducimos del diario del soldado alemán Erich Lassota de Steblovo, quien, a raíz de su viaje por estas tierras hacia 1580, nos lo cuenta así: *a una media milla de aquel lugar, (de la iglesia de Fisterra), se ve al pie de una montaña, cuando se retira el mar, el vino que el demonio le derramó. Porque se dice que un día vinieron allí algunos franceses, y pasaron al pie de la montaña; al ermitaño que bajó a verlos le regalaron un barril de vino tinto; al marcharse ellos, el santo quiso llevarse a sus espaldas el barril a la montaña, mas un demonio disfrazado de campesino le encontró, a quien pidió el favor de ayudarle siguiendo detrás y empujando el barril, para que no le pesara tanto; y el demonio se prestó a esto con mucha amabilidad; subiendo el demonio, en lugar de ayudar, tiraba siempre hacia atrás para que pesase más y por último dió un tirón tan fuerte, que hizo rodar el santo con su barril hasta abajo, y en este suceso, no sólo el barril se estrelló, sino que el vino se puede ver todavía sobre las piedras derramado, y el ermitaño se rompió también un brazo y una pierna. Yo no pude verlo, porque la mar estaba muy agitada.*

Dejando a un lado las hipótesis de la presencia de Guillermo de Aquitania como fundador de este solitario santuario, o la del propio Santiago Apóstol cristianizando el lugar que los paganos dedicaban a adorar al sol, lo cierto es que aquí, contemplando la ría, estaba situado el refugio de algún eremita y este lugar se convirtió en un foco de peregrinación y culto. El denominado santuario no era más que una pequeña construcción levantada al abrigo de unas rocas naturales de

considerable tamaño y aprovechando las mismas para guarecerse de las inclemencias del tiempo y, sobre todo aquí arriba, de los vientos.

Cuando por estos parajes pasó el padre Samiento en 1745 la memoria de este culto aún parecía estar fresca. Este fraile nos dice que subió al monte para visitar esta ermita y que la encontró *muy mala y san Guillermo de piedra vestido de agustino*, es decir, que aún parecía conservar la imagen del santo. Prosigue su relato el fraile benedictino diciendo que su guía *nos enseñó en la ermita el sitio en que, no hace mucho tiempo, había como una pila o cama de piedra, en al cual se echaban a dormir marido y mujer, que por estériles recurrían al santo y a aquella ermita; y allí delante del santo engendraban. Y por ser cosa tan incorsal, se mandó, por visita, quitar aquella gran piedra, pilón o cama*. Parece claro que lo realmente vinculado a este santuario son rituales de fecundidad, algo a lo que también estaba ligado la *Pedra de Abalar* del santuario de la *Virxe da Barca* en Mixía y, según el Padre Samiento, un determinado lugar en el monte Facho. De él nos dice: *oí que algunos tiempos solían ir al Facho los casados estériles e infecundos con el fin de tener sucesión, al modo que dije de la ermita de San Guillermo en Finisterre*.

Pero los ritos de fertilidad no sólo se relacionan con la procreación humana, sino también con todo ritual impetratorio, como el de la lluvia que permite fecundar los campos. Y aquí en la ermita de san Guillermo encontramos una vinculación clara entre ambos puntos, explícita ya en la leyenda según la cual el santo pretendía subir una cuba de vino a su ermita desde un "altar" -una roca en el acantilado- situado en la orilla del mar. Este altar nos lo describe Jerónimo del Hoyo como *un peñasco que vate el mar, está un altar de por tradición en habiendo falta de agua va esta villa en procesión y dicen allí misa y luego dicen llueve*. Carré Adao nos dice que a ella llegaban en peregrinación *durante el estiaje y a ella acudían los labradores de la comarca a impetrar del Santo les enviase la lluvia*. Con este ritual y con la leyenda del Santo intentando subir el vino, debemos relacionar esta copla recogida por Esmorís Recamán,

*San Guillermo de Cabanas
Ten unha pipa no monte.
As mulleres beben viño
E os homes auga da fonte.*

Para despedimos de este emblemático monte podemos hacerlo con una copla popular:

*Adiós petón de Cabanas.
Adiós río de Angueiro.
Adiós o campo do Facho.
Adiós praia de Corbeiro.*



¡MIRADE O SANTO CRISTO DE FISTERRA!

TEXTO: Manuel Vilar



plana que tiene como fondo pintado un paisaje urbano. En esta homacina se acoge la imagen del Santo Cristo, o como diría el poeta:

*E alí, no seu altar, case sorrindo,
sin que o pavor da morte nos aterre,
!mirade o Santo Cristo de Fisterra!.*

El altar es obra del retablista Mguel de Romay, que con ella cierra su etapa de madurez y, como tal, nos muestra aquí aquellos elementos que compendaban su arte hasta ese momento. Consecuencia de ello, es una de las obras de arte de la imaginería más interesante de esta zona, alejada tradicionalmente de los centros difusores de modas artísticas y, por tanto, carente de obras de calidad desde un punto de vista de la historia del arte, pero llena de obras "importantes" que funcionan, muchas veces, más como iconos identificativos de una comunidad, que como piezas estrictamente artísticas.

Algunas fuentes, amén de la tradición, atribuyen la imagen del Santo Cristo a Ncodemo, el judío que ayudó a desenclavar a Cristo, pero obviando tal paternidad debe destacarse, ante todo, su total y completo parecido estético y estilístico con los existentes en Burgos y en la catedral de Ourense. De este último, alguien ha definido su figura como *a lo muerto,....cabellera de cabellos naturales de hombre; y las uñas también de hombre. Es blanco y suave como si fuera cuerpo humano vivo, porque, tocándose con el dedo en muchas partes se hunde y quitando el dedo se vuelve....Es tan desfigurado, sangriento y acardenalado, que causa grandísima compasión, ternura y devoción a todos cuantos le miran.* Descripción adecuada también para el de Fisterra porque este sirvió de modelo a aquel. A ambos se les atribuyen idénticas características de animación: les crecen el pelo y las uñas, lloran y sudan..., aspectos, todos ellos, que ya habían llamado la atención de Erich Lassota. Es este atrevido parecido físico con un ser humano lo que realmente acerca la imagen al creyente. Asu humanización contribuyen, asimismo, el proceso de vestido y desvestido a que es sometida, algo más que la mera función decorativa de una talla. Pero es que, además, al cristo de Fisterra se le reconoce popularmente por su barba, la barba *dou-rada*, que le crece.

La imagen del Santo Cristo está situada en la capilla del mismo nombre, dentro de la iglesia parroquial de Santa Miría das Areas. Esta capilla es barroca, aunque se desconoce el autor de sus planos. Cabe la posibilidad de que su arquitecto fuese Domingo Antonio de Andrade, el mismo que levantó, entre otros, la Torre del Reloj de la catedral compostelana, y que había nacido en la vecina villa de Cee. La primera referencia a ella es de 1720 y se la debemos a la visita que a la misma realiza el arzobispo en la cual manda hacer un nuevo retablo *en vista del deplorable estado del que existía*.

Ese retablo, que se hace por que el anterior estaba "deplorable", consta de un cuerpo principal formado por una homacina



*Santo Cristo de Fisterra,
Santo da Barba dourada
ei de ir aló miña nai,
ei de ir aló si me cadra.*

*Santo Cristo de Fisterra,
Santo da Barba dourada,
veño de tan lonxe terra,
Santo, por che ver a cara.*

Carré Adao recoge una tradición que habla de que éste no es el verdadero Cristo, que el auténtico es el de Ourense. Se trata, en realidad, de una lectura perversa de un hecho histórico: la donación en la Baja Edad Media de la villa de Fisterra al cabildo ourensán por parte de Vasco Pérez Mariño fue acompañada con otro regalo importante: un Cristo, y mandó construir una capilla para albergarlo y poder él enterrarse. Este Cristo puede ser contemporáneo del de Fisterra e, incluso, llegar a Ourense desde la propia villa de la Costa da Morte.

El de fisterra es talla de estilo gótico y con ella se representa un nuevo tipo iconográfico que rompe con la estética propia del mundo románico. Este cambio en la estética escultórica medieval responde a un cambio de mentalidad religiosa impuesto por las órdenes mendicantes que preconizaban que los sufrimientos de Cristo debían convertirse en imágenes susceptibles de conmover al espectador y llevarle al arrepentimiento. A los inexpressivos crucifijos del siglo XII, meros objetos litúrgicos suntuarios, van a sustituirlos las imágenes sufrientes del Salvador que incorporan un repertorio gestual propio de las máscaras de la tragedia clásica, pero tamizados por la influencia bizantina. Y esta gestualidad que configuraba el repertorio doloroso de la escultura clásica va a ser incorporado ahora en occidente a las nuevas imágenes de un dios más humanizado y héroe de su propia tragedia. Ciertos detalles de su anatomía, como la exageración de sus costillas, tienen relación con ciertos textos devocionales escritos sobre mediados del siglo XIII en los que se describen detalladamente los sufrimientos de Cristo en su pasión. La plástica y el texto están interrelacionados, lo que permitiría al predicador exclamar: *ahí teneis a Jesús crucificado, de tal manera puesto en la cruz que podrían contársele los huesos.*

La leyenda

La imagen de este Cristo tiene una fértil cosecha de leyendas y creencias que hablan de su poder y de devoción. La devoción existe porque hay una imagen de la que ser devoto, una imagen en la que concretar ese fervor religioso, una imagen que, como la del Cristo de Fisterra tiene un gran poder de atracción. Iniciamos este rico corpus legendario con su leyenda originaria, en la que se nos dice que tuvo que ser arrojado al mar desde un barco (supuestamente inglés) que lo transportaba y había recalado en la villa fisterrana. Otras fuentes dicen que el navío pasaba

frente a estas costas. Cuando el barco se disponía a abandonar la ría, en el primer caso, o cuando pasaba por delante del promontorio, en el caso de la segunda versión, se levantó una tormenta. Los marineros interpretaron este fenómeno como que la imagen no quería salir de ese puerto, por lo que decidieron arrojarla al mar. Al botarla al mar, el temporal se calmó inmediatamente y los marineros pudieron seguir con tranquilidad su navegación. La caja que lo contenía, y flotaba sobre las aguas, fue recogida por unos pescadores desconocedores de su contenido.

Esta leyenda lo sitúa en la tradición de otros importantes santos marineros aparecidos en esta costa llegados a ella por vía marítima, como la Virgen de la Barca, san Marcos de Corcubión y la Virgen de Axunqueira de Gee. Todas estas leyendas nos entroncan con la tradición céltica de los periplos religiosos, que abarcan no sólo los viajes de los santos sino también los del Más Allá. Muestra de ello es la tradición de los santos viajeros irlandeses del que por ejemplo, queda constancia en Comualles donde aún se reconoce la piedra desde la que embarcó San Patricio para llevar el Evangelio a los irlandeses, o en el relato de la famosa navegación de san Brandán. Pero, por otro lado, tales apariciones nos relacionan con una tradición católica posterior, muy ligada a las etapas iconoclastas en el norte de Europa.

Domenico Laffi mencionaba ciertos poderes atribuidos a esta imagen. En una ocasión, cuenta Laffi, bajaron a tierra unos moros y se dirigieron precipitadamente a la iglesia. Al ver el Cristo se aproximaron a él y lo injuriaron repetidamente. Uno de ellos, el más temerario, desenvainó su espada y levantó su brazo derecho para golpearlo. Pero así como lo levantó quedó tieso e inmóvil en el altar, como una estatua. Sus compañeros atónitos ante el milagro, reconocieron su error y pidieron al Cristo que los perdonase y se convertirían al cristianismo. Volvió la espada a su vaina, regresó la hueste a sus naves y, tras un bautizo colectivo en una villa cercana, continuó luego el viaje.

La fiesta del Cristo

El Domingo de Pascua miles de personas se concentran en Fisterra en torno a su iglesia parroquial. La resurrección de Cristo es ritualizada ante una muchedumbre mediante una representación parateatral, que bien pudiera remontarse a la Edad Media, al momento que se produce ese cambio de mentalidad religiosa que hemos mencionado más arriba. Dice Ramón y Ballesteros que "de todo el antiguo esplendor de esta fiesta, se perdió el tipismo de las vestimentas, cánticos y panderos, pero todavía subsiste la clásica ceremonia de la Resurrección".

La celebración de este ritual conlleva el levantamiento de una arquitectura efímera en la explanada situada al lado de la iglesia parroquial. Se pretende reconstruir la gruta donde estaba enterrado Cristo y en cuyo interior se oculta un joven ataviado de ángel. Hacia allí se dirigirán las tres Marías vestidas de luto y con una actitud afligida y dolorosa, que casi les impide caminar.



Acercándose a la gruta se adelanta María Magdalena, la cual es recibida por el ángel con el cual mantiene un protocolario diálogo. Al término de la conversación en la que María Magdalena se entera de la Resurrección, ésta echa a correr hacia donde está ubicada la Virgen de los Dolores, a la que comunica la noticia. A continuación, junto con las otras dos mujeres, acompaña a la imagen anterior hasta la gruta donde el Ángel le va a quitar el manto negro que la cubre. Llegamos al momento estelar de la función, en el que se suceden el estruendo de la suelta de palomas, el estallido de los cohetes, los aplausos de los asistentes y la música de gloria. Es la metáfora de la vida, el ritual del renacer que triunfa sobre la muerte.

Posteriormente se forma una procesión que se dirige hacia la iglesia y, habitualmente, se detiene en el atrio donde se ejecuta una danza de espadas, conocida aquí también como "Danza das Areas", que algunos estudiosos remontan al siglo XIII. Estas danzas eran frecuentes en varias fiestas de esta comarca y de otras comarcas de Galicia. Algunas de estas danzas, como las de Betanzos o Redondela, tienen un claro origen gremial que se retrotrae a la baja Edad Media, y éste bien pudiera ser el origen del baile de Fisterra. Este pasado puede rastrearse en la vestimenta, que en Fisterra "consistía en camisa, pantalones y alpargatas blancas y faja multicolores. Se utilizaban espadas en la ejecución de los puntos y contrapuntos del baile". Aparte de esta lectura histórica de la danza, hoy podemos añadir otra en un sentido más antropológico relacionada con estrategias de identidad local. La danza da, primero, prestigio al danzante dentro de su propia comunidad y, segundo, identifica a la comunidad por medio de sus danzantes, casi siempre jóvenes, hacia afuera, como una apuesta de fuerza y de futuro. Este rito da cohesión interior a la comunidad mediante la superación momentánea de las rivalidades de la vida cotidiana.

Folclore en torno al Cristo

Pero, como ya hemos dicho, el Cristo es algo más que un icono con un significado religioso. Representa o simboliza a toda una comunidad asentada en un territorio concreto; llega incluso a ser como un vecino más al que acudir con cualquier problema de la vida cotidiana. En este sentido, el folclore nos ayuda a entender mejor este aspecto. Fisterra es, esencialmente, un pueblo de marineros situado en una costa incógnita. De ese modo le pedirán al Cristo por una buena pesca o que les libre de los peligros de la mar.

*Santo Cristo de Fisterra
todos che vimos pedir
abundancia de sardiña
pra que podamos vivir.*

*Santo Cristo de Fisterra
Santo da barba dourada
axúdame a remontar
a laxe de Touriñan.*

*Muriñeiros de Fisterra
non teñades medo o mar
chamade polo Santo Cristo
axúdatvos a bogar.*

*Pisamos a Centoleira
E o mar quíxonos comer
salvounos o Santo Cristo
que non alí santo coma El.*

*Muriñeiros de Fisterra
non teñades medo ó vento
que vos leva o Santo Cristo
ó Porto de Salvamento.*

Pero también hay coplas que responden a necesidades más personales como ésta en la que san Antonio es sustituido por el Cristo:

*Santo Cristo de Fisterra
non che veño pedir pan
veñoche a pedir un home
que faga temblar o chan.*



A Virxe da Barca e a Tradición Xacobeá

TEXTO: Manuel Vilar

Alenda cóntanos que o apóstolo Santiago estaba canso de predicar nestas terras de Fisterra, canso de que os seus habitantes non lle fixesen moito caso, como os de Duiro que preferiron seguir adorando ó astro rei, feito iste que irritou ó Apóstolo e pediu ó Señor que asolagase para sempre esa cidade. Despois diste feito e abatido, retirouse a descansar nun rochedo solitario e a carón do mar, coñecido co nome de punta de Xaviña. Estando alí viu como achegábase a el unha barca e nela viña a Virxe María. Abarca era de pedra, como de pedra eran a vela e o leme que marcaba a súa firme derrota. A Virxe dalle ánimos ó Apóstolo e anúncialle que regrese a Xerusalén, pois a súa misión nestas terras xa está rematada e cumprida con éxito. Dise tamén que a Virxe deulle ó Apóstolo unha imaxe súa que este colocou nun altar baixo as rocas. Abarca ficou alí para sempre e hoxe é coñecida como a "Pedra de Abalar" e a vela como "Pedra dos Cadriús". Ó seu carón tamén está o temón.

Estas pedras teñen unha tremenda importancia neste conxunto crencial, pois sen elas non habería cristianización desta paraxe fortemente batida polo mar e polo vento. As pedras están ligadas ó nacemento do culto mariano neste comecho atlántico. Tal é a súa importancia que moitos visitantes e algún que outro historiador de tempos pasados, virón ó carón das mesmas os símbolos da pasión de Cristo no que só eran marcas da natureza. As pedras teñen un carácter impetrador, acúcese a elas por diversos motivos: a dos cadriús vaise para sanar deste mal, mais para logralo antes hai que pasar nove veces por debaixo dela; a de abalar segue sendo, pese os seus últimos accidentes, unha das atraccións máis fortes deste lugar e, a ela, seguen subindo miles deromeiros ou de curiosos que pretenden abalala para así impetrar os seus desexos.

Oxeito como entra o santuario da Virxe da Barca e as terras de Mixía na tradición xacobeá é por medio da lenda de aparición. Alenda forma parte desa vinculación é o elemento importante, xa que xustifica ese culto e vincula a unha comunidade cunha imaxe, neste caso a da Virxe da Barca, sacraliza un lugar concreto, que aquí é a punta de Xaviña onde está o santuario, e destaca e diferenciao dos outros, fai que o lugar

teña certos privilexios en relación cos outros. Alenda non recurre a definicións teolóxicas, pero actúa como un suplemento vital a este xa que permite que un culto universal sexa localizado e recoñecido historicamente nesa localidade. A existencia da lenda amosa o interese social por recoñecer o feito da aparición como un acontecemento excepcional e determinante para a historia desa localidade.

Fisicamente a imaxe da Virxe da Barca, que ten unha dimensións realmente reducida, é de estilo gótico e está policromada. Representa a figura da Nai co Neno sobre o brazo dereito; na man esquerda leva o cetro real. Tanto Nai como Fillo levan cada un súa coroa. Tense dito en repetidas ocasións que a súa procedencia é francesa. Nestes anos, finais do s. XIV, hai todo un trafego e un comercio abundante de imaxes relixiosas e ratablos que veñen do norte de Europa

cara España, e ás veces vía Portugal. Este pode ser tamén a orixe desta imaxe que, co paso do tempo, converteuse en símbolo e icono referencial que identifica claramente á vila de Mixía. A imaxe está no interior dun camarín ó que se accede desde a parte alta da sacristía. Aquí están representados os atributos que fan referencia á lenda de aparición: a Virxe vai colocada no centro dunha nave e sostida por un anxelote, mentras outros dous reman e direxen o rumbo da barca e o apóstolo axeciónllase diante diante da Virxe.





A fundación do santuario debeu acontecer cara finais do século XII ou comezos do XIII, xa que cara 1400 xa temos probas documentais da súa existencia, pero o éxito ou o recoñecemento do mesmo non tivo lugar ata a Idade Moderna. Con toda probabilidade no medievo este santuario non pasase de ser un pequeno oratorio ou templo de reducidas dimensións, logo no século XV tivo reformas ou construíuse un ex-novo. O actual, tal e como o coñecemos hoxe con planta de cruz latina e interior austero, é unha obra do s. XVIII á que contribuíron algúns nobres, coma os condes de Mucedá, enterrados ó lado do altar maior. Ten un interesante e preciosista retablo barroco, obra de Mguel de Romay, artista compostelano que fará tamén o retablo da capela do Cristo de Fisterra. Está dividido en tres corpos verticais, separados por pilastras recargadas de abundantes elementos decorativos. No corpo central está a Virxe e nos laterais os apóstoles, colocados verticalmente e de medio corpo. As torres da fachada principal non corresponden a esta gran reforma, senón que foron rematadas en 1958 gracias ó apoio financeiro de Romualdo Bentín, un emigrante muxián en América e tío do fotógrafo muxián Ramón Caamaño Bentín.

Dadas as dimensións deste templo, e segundo contan vellos mariñeiros, aproveitábase o seu interior para cortar as velas que logo usarían nas súas embarcacións de pesca. Tamén, e en relación coa navegación, o seu teito era pintado de branco para ser visto desde o mar e poder ser utilizado como unha *marca* para sinalar o rumbo ós mariñeiros. Outras destas marcas eran os santuarios próximos de San Roque de Mbraine e a Virxe do Monte, ó outro lado da ría, santuario este que debeu nacer cando o da Barca pero que nunca tivo o éxito que ten este.

A romaxe da Barca celébrase en setembro, o dito popular di que *a Barca non baixa do nove nin sube do quince*, é dicir, celébrase nese domingo entre o nove e o quince der setembro. A esta romaxe acuden miles de romeiros das comarcas que forman

a Cosa da Morte e doutros puntos do país galego. Tradicionalmente os romeiros acudían ó santuario ó longo de toda a semana na que se celebraba a romaría, pero acudían masivamente o sábado e abandonaban a vila o domingo polo medio día. Isto facía que a noite do sábado fose unha contínuua troula na que o descanso parece que estaba prohibido. Aínda así había o costume de alugar cuartos ós romeiros que viñan de lonxe, para que puidesen descansar. Acomezos deste século poñían palla no chan dos cuartos para que os romeiros durmisen mellor e, pola mañán, ofrecíase unha curca de chocolate e despois ían lavar-se á praia. Pero no era todo troula, había devoción, acudíase á

novena, a rezar o santuario e a oír misas. Algúns dos romeiros facían o camiño desde a vila ata o santuario (1 km) de xeonllos ou con velas na man. Outros moitos veñen aínda andando desde diversos lugares da Costa da Morte, porque a Barca, como o Cristo de Fisterra, son centros importantes de peregrinaxe a un nivel local.

O camiño tradicional de entrada no santuario facíase polo lado oposto ó que se fai na actualidade. Chamábase *O*

Camiño da Pel e ía entre as hortas con muros de pedra para resgardalas do vento e do salitre. Hai uns anos unha forte mareira puxo ó descuberto unha antiga fonte perto do santuario onde se lavaban os peregrinos antes de entrar no templo.

Esta romaría foi recreada literariamente por Rosalía de Castro nun poema do libro *Cantares Gallegos*. Federico García Lorca adicoulle un dos seus *Seis Poemas Gallegos*, aínda que o granadino non viviu esta romaxe e confunde esta Virxe coa da Franqueira. Os muxiáns Gonzalo López Abente e Xervasio Paz Lestón, entre outros varios, adicaron diversos poemas a estas festas. Tamén outros escritores de menos sora novelaron esta romaría, entre eles o baiés Enrique Labarta Pose, cuio conto non gustou nada o párroco de Muxía pois nel dicíase que aquí quitábase o demo; outro foi o sevillano Pepe Más que fai que os protagonistas da súa novela *La Costa de la Muerte* veñan a esta romaxe e nos conten como era esta nos anos vinte deste século. Todo isto nos fala do atractivo e importancia social desta romaxe.





O TÍMPAMO Do Cereixo

Primeira representación escultórica da traslatio

TEXTO: J. Ramón Ferrín González

No fondo da ría de Camariñas, preto da Ponte do Porto, atópase a parroquial de Santiago de Cereixo, fronte as torres do mesmo nome. A igrexa é unha sinxela construción de época románica, datada cara ós finais do século XII, que aínda conserva a meirande parte da súa aparencia medieval: ábsida cuberta cunha bóveda de canón sobre capiteis vexetais, canzorros adornados con figuras humanas e animais nos beirís dos tellados, e dúas portas decoradas con columnas e arco de medio punto.

Destas últimas a máis fermosa é a situada no lado sur da igrexa. Ten un par de columniñas rematadas en capiteis de follas, decoradas con bolas e facianas humanas. No tímpano represéntase un dos episodios máis coñecidos da lenda xacobeá: a milagrosa traslación dos restos do corpo do Apóstolo Santiago dende Terra Santa ata Galicia. Segundo os textos medievais, Santiago foi martirizado en Xerusalén e os seus restos foron recollidos furtiva-





mente polos seus discípulos, que o transportaron ó porto de Jaffa, onde atoparon unha barca disposta por designio de Deus; despois de navegar durante sete días baixo a protección divina chegaron ás costas galegas, desembarcando no porto de Iria. A representación da *translatio* non é un tema usual na arte románica peninsular, de feito tan só aparece en outras tres ocasións: en dous capiteis da Colexial de Tudela e da catedral de Lérida, e nunha moeda de Fernando II atopada no Grove. De todas elas a de Cereixo é a única que ocupa ó espazo máis significativo da porta: o tímpano.

Na parte baixa do mesmo unha serie de liñas curvadas suxiren as ondas do mar, polo que navega unha pequena barca de proa e popa curvadas. No seu interior atópanse os restos do apóstolo, o cadáver semella estar envolto nunha mortalla. Ó seu carón están outras sete figuras en pé, algunhas representadas tan só polas súas testas; o personaxe do centro sostén un báculo e outros dous parecen querer protexer ó difunto cos seus brazos. Estes sete representan ós discípulos de Santiago: Torcuato, Gesifonte, Segundo, Indalecio, Cecilio, Hesiquio e Eufrasio, que segundo a tradición foron convertidos polo propio apóstolo.

O tímpano está rodeado por dúas arquivoltas de medio punto, a interior decorada con pequenas flores e a exterior con círculos entrelazados. Nas claves destes arcos aparecen dous

novos personaxes: no primeiro un bispo, tocado coa mitra puntiaguda e sostendo o báculo, que ergue a man dereita para bendicir; a outra figura representa a un anxo coas ás abertas e que leva nas mans un incensario en movemento. Sen embargo, estes dous personaxes non teñen unha participación directa no episodio da traslación do apóstolo; pola contra atópanse outros paralelos iconográficos para estas figuras dentro do ciclo xacobeo, en concreto poderían facer referencia ó momento do descubrimento do sepulcro de Santiago por parte de Teodomiro, prelado de Iria, pois o anxo turiferario e o bispo bendicindo tamén se representan na coñecida miniatura do *Tombo A* que ilustra esa pasaxe. A principios do século XIII esta escea foi copiada noutra miniatura da *Historia Compostelana*, o que demostra a difusión que acadara a representación dese episodio.

Polo tanto, a porta sur de Cereixo é un raro exemplo de iconografía románica en plena Costa da Morte, xa que a traslación do corpo de Santiago é un tema pouco frecuente no campo da escultura. Apesar da sinxeleza e o rudo estilo da obra, a porta é un claro expoñente do reflexo que as tradicións do martirio de Santiago tiveron sobre a arte románica dende a segunda metade do século XII.



Hospitais de Peregrinos entre Santiago e Fisterra

TEXTO: Antón Pombo

Bon Xesús

Nesta pequena aldea, pertencente á parroquia mazaricana de Santa Mariña de Miroñas, houbo unha ermida dedicada ó Bon Xesús que, desaparecida hai non moitos anos, contou durante un tempo cun hospital de seu. A única información existente sobre o hospital, por máis cativo, procede do itinerario italiano de Bartolomeo Fontana, que pasou por aquí o 12 de setembro de 1539:

'Il bon Iesu, leg. 1, questo è hospital di paglia con due casette della medesima a canto'.

Hospital

Polo propio topónimo, parecía lóxico pensar que no núcleo noutrora chamado Hospital de Logoso, hoxe incluído na parroquia de Santa Baia de Dumbria pero ata o século XI cabeceira dunha freguesía propia, houbera unha casa destinada a acollerer peregrinos. De feito, non sabemos se por firme pervivencia da memoria histórica, os paisanos do lugar estiman que o 'vello hospital' ocupou unha das máis antigas casas de pedra que se manteñen en pé. Nembargante, na Idade Moderna xa non estaba operativo, datando a súa fundación, segundo figura no *Timbo C* da Catedral de Santiago, de finais do século XII, xa que en 1209 foi doado por Estevo, crego natural de 'Ugoso' (Logoso), ó cabido compostelán:

'Stephanus presbiter dictus de Ugoso dono et concedo vobis dominis meis capitulo compos-telano ecclesiam de Ugoso et hospitale cum omnibus suis directuris et pertinentiis tam in ecclesiastico quam in laicali tam habitis quam

habendis quod ego fundavi et adquisivi ut vos habeatis, possideatis, custodiatis ad honorem Dei et beate virginis et gloriosissimi apostoli Jacobi et refectioe pauperum transe-untium...'

O lugar, situado no alto dunha -malia que non de excesiva altura- áspera serra (Montes de Buxantes), constituía un acougo para os camiñantes que acababan de ascende-la costa (emprazamento semellante ós de Bruma, O Cebreiro, etc), antes de chegaren á ría. O propio Estevo, na compañía dun tal Martiño, sería quen de atende-los primeiros peregrinos que pasaban camiño de Fisterra. No tempo da doazón, confirmada en 1230, dotouno con trinta soldos anuais de renda.



Cée

Ná vila da Xunqueira sucedéronse dous hospitais. O primeiro, que aparece citado no testamento de Catalina Gómez, nai de Diego de Muros III, en 1497, é o que estaba situado entre o mar e a igrexa parroquial gótica de Santa Mariña. Axulgarmos polos datos que nos ofrecen as visitas de 1589 e 1607, o seu estado debía ser entón, pola carencia de rendas estables, bastante precario:

'En la villa de Ce puerto de mar ay otro hospital que en lo baxo tiene una capilla con su altar y en lo alto unas camas y un aposento

dosde se acoje el hospitalero y los pobres cuando bienen, no tiene renta ninguna mas de las limosnas que le azen los vecinos y pescadores, tiene alguna ropa aunque po-ca'. (Visita de 1589)



'Hay un hospital que no tiene renta, sino el petitorio y limosnas que se recoxen para los pobres'. (Memorias de Jerónimo del Hoyo, 1607)

Pechado pouco despois de 1702, ano en que foi nomeado o derradeiro mordomo ou *obenzal* encargado da súa administración, a casa soamente contaba daquela con dúas camas, estando permitida ós peregrinos unha permanencia de ata dúas noites (o máis frecuente era unha).

En 1758, Don Pedro Xerome de Lema e Garantoña, vista a carencia de hospital que existía na vila, establece no seu testamento que volvera a funcionar un con catro camas, preparadas para tres veciños pobres (en realidade proxectaba máis ben un asilo) e unha libre

para os viandantes. A casa da súa propiedade destinada a tal fin atopábase na rúa de Ariba (Micalena). A ausencia de información posterior permite pensar que albaceas e herdeiros non chegaron a cumprila súa vontade.

Corcubión

Mi preto de Cée, os peregrinos contaban con outro hospital en Corcubión. A casa estaría emprazadaa nalgún lugar, hoxe descoñecido, inmediato á igrexa parroquial de San Marcos (se cadra, o brasón hoxe encastrado nun anexo serodio que semella prolonga-la capela maior deste templo, formou parte do desaparecido hospital, pero Esmorís Recamán ubicouno na casa nº2 do Paseo da Mariña). Fundado por don Rodrigo de Mbscoso e dona Xoána de Castro,

condes de Atamira e señores da vila, a finais do século XVI xa estaba, tal e como acontecía co de Cée, pobre e desforneado. Asituación, segundo a visita de 1589, amosábase moi precaria:

'En la villa de Corcobión puerto de mar jurisdicción del conde de Atamira ayotra casa de hospital junto a la Yglesia riberas de la mar, no tiene renta ninguna, bibe en ella un texedor y su muger y tiene dos alcobas para pobres pero sin ropa que no la ay.'





Muito tempo despois, cando en 1741 o Sr. bispo de Abarén efectúa a Visita Pastoral ó arciprestado de Nemancos, a casa do hospital, nun principio destinada ós peregrinos do Santo Cristo de Fisterra e á Barca de Mixía, estaba irregularmente ocupada polo cura párroco:

'Es una Casa para recoger Peregrinos fundación de los Exmos. Sres. Condes de Altamira, vive en ella el Cura; y aunque este busca ospedaje para los peregrinos se le mandó la desocupase, y que los curas, no la ocupen en lo adelante'.

Polo informe realizado neste momento polo mestre de obra Eusebio da Ameixenda, na compañía de don Francisco de Ponte e Álvarez, xuíz e xustiza ordinaria da vila e administrador do conde de Altamira, e don Francisco López Recamán, escribán do concello, sabemos que o edificio do hospital constaba de dous cuartos divididos por dúas alcobas sen fallado, dispoñendo ademais de cociña e dunha adega. A partir da visita de 1791 xa non temos máis noticias sobre o hospital.

Fisterra

Fronte á fachada occidental da igrexa de Santa María das Areas, onde hoxe aparece o camosanto, estivo emprazado o de-

radeiro hospital do camiño de peregrinación. O único vestixio da casa, que estivo dedicada á Virxe do Rosario, é a capela, moi refeita, coa súa xeitosa fomenliña cun arco conopial. Refundado en 1469 polo licenciado Alonso García, non sabemos en realidade cantos anos atrás debemos remonta-la súa orixe. Este crego, malia ser considerado o fundador, limitouse a establecer unha obra pía, dotando con rendas unha capelanía coa obriga de dicir dúas misas semanais e manter acendidas día e noite as lámpadas.

Avisita de 1589 aporta información encol do estado e funcionamento da casa, revelando un panorama que, en contraste co recoñecido en Cée e Corcubión, resulta ser bastante aceptable:

'En la villa de Finisterra puerto de mar ay un hospital junto a la Yglesia, en lo baxo tiene una capilla adreçada donde cada semana se dizen dos misas de obligación por particular dotación y tiene dos alcobas con dos camas y una cocina de tras con una huerta pequena: en lo alto tiene una sala con quatro alcobas con sus camas y su cocina, arriba hizose otro quarto por mandatos de visita con su saleta y dos alcobas para clerigos o gente principal que concurren allí en rromaría y en baso su bodega donde se a de





poner laazienda, tiene de renta en cada un año treze cargas y un ferrado de trigo gallegas. De a doze ferrados en carga que cada gallega aze treze castellanas, está bien reparado'.

Algo máis dun século despois, Jerónimo del Hoyo considérase provisto de *'alguna renta y medianamente concertado'*, estando o cuarto de visitantes ilustres tamén destinado ós predicadores vidos na Coresma. Dando outro salto temporal, en 1741 as cousas non tiñan variado gran cousa, contando entón con dúas camas para peregrinos, a capela con ornatos e cáliz para celebrala misa, hospitaleiro propio e mordomo encargado de cobrar as rendas. A decadencia da peregrinación a Fisterra a finais do século XVIII é un feito constatado no informe do cura de Santa María de Xaviña (Camaríañas) e arcepreste de Nemancos, consisionado polo arcebispo Malvar y Pinto para realiza-la visita de 1791:

'...se debe tener compuesto dicho hospital, y provisto de alcobas, y ropas para la posada de los peregrinos, y además se debe dar luz. Y por quanto en este tiempo no ay Peregrinos, se acostumbra de inmemorial tiempo repartir aualmente algunas limosnas a los pobres de la villa'.

Mbraime

O mosteiro de San Xulián de Mbraime, que debeu xogar un especial protagonismo na elaboración da lenda xacobeá de Muxía, de acordo coa regra bieita que nel rexía tiña a obriga de acollereren pobres e romeiros. No privilexio outorgado polo rei Afonso VII ó abade Ordoño en 1119, despois de lembra-la súa estadía cando era un rapaz no cenobio (oculto por Xelmírez e o conde de Traba fronte as pretensións de dona Urraca e Afonso I o Batallador), indica como colaborou na reconstrución da igrexa e mailas súas dependencias, destruídas por piratas normandos e sarracenos en 1105 e 1115; por último, sinala tamén (recurso en parte tópico e formal), o labor asistencial que a casa dispensaba ós pobres e a hospedaxe que proporcionaba ós peregrinos:


'Ad restorationem ipsius cenobii, quos nostus temporibus destructum est a Sarracenis, et ut proficiat ad victum et substentationem monachorum pauperum et hospitum sen peregrinorum advenientum...'

Con posterioridade, preto do mosteiro puido haber unha pousada ou hospedaría non sabemos de que xénero, de aí o topónimo *Alberguería* que aínda se conserva nun núcleo próximo.

Muxía

Do mesmo xeito que Fisterra tivo un hospital, provisto de capela, baixo a advocación de Nosa Señora do Rosario. Situado no camiño que conduce ó santuario da Barca e preto da parroquia gótica de Santa María, o seu estado non era mo en 1589:

'En la villa de Muxía ay otro hospital questa junto a la Yglesia; tiene su capilla y su casa baxa donde bibe el hospitalero y encima esta doblado con su sala y un aposento; está bien reparado y tiene alguna ropa, tiene de renta un ferrado de trigo y unas casas que son la mitad de la casa en que bibe Vilaboa en la plaza y otra mitad de otra casa junto a la yglesia questa bacia y un quarto de otra questa cayda'.



Co apoxeo da romaría da Barca durante o século XVIII, a situación deste hospital foi obxecto de interese particular por parte dos prelados de Santiago. En 1791, e sen que se procedera a ningunha ampliación, as súas rendas permitían levar adiante as reparacións necesarias, mandándose entón dispoñer dúas camas para os peregrinos.



HOME RICO HOME PROBE

OS MOSTEIROS DE MORAIME E OZÓN

TEXTO: JavierA. Rey Souto

San Martiño de Ozón e San Xiao de Mbraime son dous mosteiros que tiveron historias parellas na súa orixe e no seu final. En troques, o desenvolvemento das súas historias ó longo dos séculos foi bastante diferentes, como queda amosado de xeito notorio nas súas igrexas monasteriais; fronte á monumentalidade de Mbraime coas súas tres naves e o seu rico programa iconográfico esculpido na portada principal e na do claustro, atopamos a modestia de Ozón que apenas se distingue das demais igrexas do románico rural dos arredores, fóra do acabado e fermosura das súas ábsides. É que, mentras nos séculos da plena Idade Média Mbraime chegou a consolidarse como mosteiro, Ozón non foi quen de competir para acadar un posto no mapa claustral galego e tendo grandes dificultades para sobrevivir como couto independente.

Árboles mosteiros fixeron a súa aparición en escea cara finais do s. XI, nun momento de floración monástica no occidente galaico. Pero Mbraime, desde os comezos, contou coa protección de poderosos patróns que, probablemente, interviron de xeito directo na súa fundación.

Estámonos a referir ó conde de Traba, Pedro Fróilaz e a súa familia, o grupo nobiliario máis importante en Galicia nos arredores do ano 1100. Mbraime, situado nos seus domínios, vaise converter no lugar onde conflúan anteriores fundacións da familia, como o cenobio de San Xoán de Borneiro, na terra de Soneira, co propósito de crear un centro monástico digno da súa categoría social e no que poidan ser lembrados por medio de oracións ó longo dos séculos.

Mvidos por este desexo o grupo do conde de Traba, aproveitando a súa influencia sobre os reis, acadará a participación da monarquía no seu proxecto. Non hai que esquecer que Pedro Fróilaz foi aio do rei Alfonso VII e que Fernando Pérez, seu fillo, vai cuidar ó vástago do Emperador, o rei de León Fernando II.

Estes dous monarcas mostraranse xenerosos con Mbraime concedéndolle couto propio nas terras situadas ó redor do mosteiro e algunhas máis dispersas pola terra de Nemanco. Desta maneira, os monxes non só se convertían en propietarios de terras e administradores de almas, senón que eran tamén señores feudais con amplas atribucións filiais e xudiciais.



A monarquía, aínda así, non adoptaba a política de cesión de terras en couto como resposta a unha demanda dos intereses aristocráticos ou eclesiásticos. Os reis tiñan os seus propios intereses á hora de poñer en práctica estas decisións. O occidente de Galicia sempre fora un espazo pouco artellado socialmente e demasiado lonxe para que a monarquía tivese un control efectivo da zona. Mediante a creación dos coutos, o rei creaba unha xerarquía social no interior do territorio de carácter feudal e

crea, ó tempo, un vínculo entre el e o mosteiro, como garante da efectividade do privilexio do couto: calquer quebrantamento da carta de doazón do monarca é un atentado contra a súa vontade e é merecente, polo tanto, da ira réxia. O mosteiro convírtese así no embaixador do rei nunha terra que vai pisar varias veces.

As doazóns reais van facer do cenobio de San Xiao un rico mosteiro, moi atractivo tamén para particulares, que ofrecerán dádivas a cambio de oracións dos monxes: as lápidas funerarias con escudo e espada, atopadas na igrexa sirven para nos lembrar ós cabaleiros que quixeron que aquel fora o seu sepulcro.

Reis e señores fixeron que o patrimonio de Mbraime chegase a ser rico e posibilitase unha idade de ouro entre 1150 e 1250, da que queda como testemuña a impresionante igrexa. A



súa fábrica debeu confluir un importante número de canteiros que, despois de rematada a obra, dispersaranse pola bisbarra realizando boa parte das igrexas do románico rural da zona e deixando como sinatura algunhas das receitas decorativas aprendidas no obradoiro de Mbraime.

Ora ben, este sistema resulta efectivo cando a peza maestra, a monarquía, cumpre coa súa función arbitral e garante todo o concedido nas contas do couto. Pero cando a finais do s. XIII a monarquía entra en crise coa guerra civil entre Alfonso X e o seu fillo Sancho IV, o equilibrio necesario para a boa marcha do sistema e, polo tanto tamén, para o correcto funcionamento da economía monástica desaparecerá, manténdose Mbraime dun xeito inestable durante toda a Baixa Idade Media. Este xiro viña xa anunciado polo progresivo afastamento da monarquía cara o sur despois da unión dos reinos de Castela e León na persoa de Fernando III en 1232. Xa o rei vírase na obriga de outorgar un documento a prol do mosteiro, rexido polo abade Nuno, no que declaraba que Mbraime estaba baixo a súa protección, polo que ningún nobre debía ousar entrometerse nas súas propiedades.

Sen embargo, cando en 1300 a crise rompe de xeito claro, o mosteiro quedará en mans da aristocracia, dos poderosos da comarca. Estes non dispoñen de privilexios nin documentos pero están dispostos a adquirir os dereitos sobre unha terra que lles é precisa, mediante a ocupación e a forza. Pola súa riqueza, Mbraime vaise converter nunha peza codiciada para a familia herdeira do prestixio de Pedro Fróilaz de Trastámara, os Miriño, que non o soltará ata 1390. Suxeito a eles, sen poder disfrutar máis que un mínimo das súas rendas, San Xiao vai caendo na pobreza e perdendo monxes, ata quedar case vairo. Aínda que os abades eleven a súa voz á monarquía, esta atópase inestable e inoperante, levada dun lado a outro polos diferentes partidos nobiliarios. Sen embargo o abade Xoán Afonso protesta nas cortes de Soria, de 1380, ante o rei Xoán I, no momento no que este conde a práctica da encomenda nobiliar sobre os mosteiros, aínda terá que aguantar por dez anos máis a presenza dos Miriño como encomendeiros.

Asituación de indefensión prolongase durante boa parte do s. XV, pois aínda que os Miriño tenderon a desaparecer ou a pasar a un segundo plano, os seus herdeiros como poderosos na comarca, continuaron exercendo forzas e usurpacións baixo o título de defensores e encomendeiros do mosteiro e dos seus

bens: primeiro don Fabrique Enríquez, conde de Trastámara e duque de Arjona, e logo a familia dos Moscoso, de Altamira, convertíronse nos novos pesadelos dos abades de San Xiao.

Somentes a partires da década dos 70 a situación comeza a estabilizarse a prol do mosteiro, por mor dunha serie de circunstancias: dunha banda, a progresiva pacificación do reino a mans dunha monarquía novamente forte encarnada polos Reis católicos; outra, no interior, aparecen dous abades que tratan de xogar con habilidade as súas cartas e os seus contactos para loitar contra as intromisións da nobreza. Frei Afonso de Paz e frei Martiño Fernández de Ferrío, probables membros da pequena nobreza local, van chamar ás portas dos reis en repetidas ocasións ata chegar a conseguir a partida dos seus adversarios á corte, deixando

por fin o mosteiro sen o peso dunha tutela asfixiante acadando, así, un reflorecemento da vida monástica: nos anos 90, Mbraime, que chegou a ter un mínimo perigoso de tres monxes, recupérase e chega a contar con cinco. Esta número tan modesto de membros da comunidade era unha cifra medianamente respectable no panorama galego do momento.

De calquer xeito, a monarquía tiña decidido que o modelo monástico baseado en cenobios

rurais de poucos monxes resultaba demasiado difícil de manter. Os Reis Católicos preferían apostar por un modelo centralizado: poucos conventos nos que se concentrasen os monxes e as propiedades dos anteriores; isto faría destas novas casas centros fortes, con capacidade sobrada para responder a posibles agresións e moito menos complicados de manter. Mbraime, así, en 1496, veu deposto o seu abade frei Martiño Fernández, e quedou anexo ó que ía ser caseque o principal dos novos mosteiros de Galicia: San Martiño Pinario. Nóméase un "presidente" que se ocupa da administración das rendas da abadía, frei García de Lens, e comézase a manexar as propiedades do cenobio muxián a prol de Pinario.

Pero o volume das rendas e riquezas dea Mbraime facían del un caso peculiar e dificilmente asimilable ó dos restantes prioratos de San Martiño. O mosteiro cabeza da congregación dos bieitos da coroa castelá, San Bieito de Valladolid, prefería anexar ós prioratos directamente dependentes del como "granxas", co obxectivo de que as rendas procedentes de Mbraime servisen para pagar os gastos ocasionados polo Capítulo Xeral da Congregación, a nova anexión produíxose en 1499.





San Bieito de Valladolid atopábase agora cunha ampliación da fonte de ingresos. Pero, ó mesmo tempo, precisaba dunha fórmula para que eses ingresos chegasen a producirse. Entre 1500 e 1525 houbo unha fase, que podemos chamar de tanteo, na que se probaron fórmulas e os seus resultados: despois dunha breve etapa de monxes-administradores, pasouse ó sistema de arrendamentos. Lope Rodríguez de Rocabo, meiriño de Chantada -priorato tamén de San Bieito- levou varios anos o dereito a cobrar a integridade das rendas moraimeses a cambio do pago a Valladolid dunha cantidade fixa estipulada por contrato.

Polas diferentes visitas feitas ós seus lonxanos domínios os abades vallisoletanos puideron comprobar -moi probablemente- o infravalorado que o tiñan, así que, ó final, decidiron explotalo eles directamente, sen intermediarios. Para iso era menester tomar á fórmula do priorado, restaurando un mínimo de vida monástica: o prior estaría acompañado por un monxe co que formaría comunidade. En 1526, chega o primeiro dos priores da nova xeira: frei Alonso de Segovia. Ó ano seguinte Valladolid comisiona ó abade de Santo André de Espinareda, outro mosteiro da Congregación e sito no Bierzo, para que supervisara esta reinstalación. Logo frei García de Betanzos cedeu en foro a meirande parte dos casais situados no couto monástico e estableceu contactos cos mestres canteiros para reformar a igrexa e a casa da cocíña do priorato. Posiblemente as pinturas murais existentes no interior da igrexa foron realizadas, como moi tarde, nesta data.

En 1530, frei García volveu a Mraime para facerse cargo do seu funcionamento; será posiblemente un dos priores que máis anos van continuar nesta posto. Os vinteún anos que vai permanecer en Mraime -ata 1551- serán verdadeiros momentos de reafirmación do dominio monástico: non soamente actualizará vellos foros e outorgará outros novos, saneando as fontes das rendas, senón que loitará ante os diversos tribunais para exigir a total reintegración dos dereitos perdidos polo mosteiro nos anos difíciles da Baixa Idade Media primeiro e na confusión dos primeiros tempos da anexión. Aínda que non tódolos litixios fosen perfectos, tentou en todo momento de reafirmar o dominio



monástico fronte ás agresións dos veciños, ben vilegos, como aconteceu cos de Mixía cando invadiron o couto en 1533, ben compañeiros de congregación, como aconteceu en 1530 co mosteiro de Pnario e o seu privado de Ozón sobre os dereitos do couto de Mérexo.

Frei García tampouco deixou estar estático o conxunto de propiedades do mosteiro, senón que logrou trocar as máis alonxadas por outras máis achegadas e de máis fácil control e explotación. Finalmente, tamén, quixo ampliar este patrimonio e enriquecelo mediante a compra de leiras de viñedo a carón da súa terra natal, Betanzos, na parroquia de Vxoí, alí onde Mraime posuía desda a Idade media a chamada granxa de Plón.

Deste xeito o priorado de frei García de Betanzos vai deixar a punto o mosteiro na súa nova función de explotar as rendas con eficacia. Podemos, pois, consideralo o fundador do Mraime do Antigo Réxime, xa que, e ben desde finais do século seguinte perderá a súa vinculación directa con Valladolid para ser controlado novamente desde Santiago, o seu funcionamento vai continuar invariable ata a desamortización e exlaustración decretada polo goberno liberal de Isabel II en 1836.

Ahistoria de Ozón certamente remata do mesmo xeito. Probablemente os seus inicios non sexan moi diferentes dos de Mraime, polo menos nos referentes ó ámbito cronolóxico no que aconte-

ce a súa fundación. Sen embargo as súas fontes, moito menos ricas ata finais do s. XV, non permiten velo con claridade. Algúns historiadores fan derivar a súa fundación co traslado de monxes que, dependentes de San Paio de Antealtares, habitaban en Santa Mariña de Tosto, na parroquia de Xaviña. Este acontecemento tivo lugar en 1194. Ante a inseguridade do seu emprazamento, os bieitos preferían desplazarse a Ozón e alí continuar a súa andaina contemplativa.

Se foi así é para nós unha incógnita, aínda que existen algúns elementos documentais que apuntan cara orixes distintas das dúas casas de Ozón e Tosto. San Paio, na súa documentación do s. XV, segue falando nos seus foros de bens que lle pertencen por razón do seu anexo de Santa Mariña. Doutra banda, nunha



bula do papa Anastasio IV, expedida en Letrán o oito de abril de 1154, corenta anos antes de que aconteza a restauración de Tosto, confírmense as propiedades da sé compostelá. Seguramente, nese documento, logo de marcar a inclusión na diócese dos grandes mosteiros de Pinario, Antealtares ou Sobrado, o papa non esquece nomear unha serie de casas máis pequenas entre as que atopamos dun xeito claro a de Ozón.

Este cenobio de orixe tan incerta contaba cun pequeno couto onde se acumulaban as súas propiedades, aínda que algunhas se espallaban por freguesías veciñas, como Santa María da O. Coñecemos algún caso de nobres da comarca que gustaron de facer aportes ó patrimonio de San Martiño. Sen embargo o volume de propiedades coas que contaba non pasaron nunca dun nivel modesto.

Esta relativa modestia do patrimonio de Ozón dificultou a súa supervivencia como entidade autónoma, de xeito que dende 1300 semella que no mosteiro non hai abade e que do goberno está encargado un prior, o que podemos supor máis como administrador das rendas que como verdadeiro director dunha comunidade. A única testemuña en contra é un rexistro realizado na época moderna por un arquivista monástico que atribue un documento, datado en 1392, a un abade: don Pedro Gomes. Ora ben, o texto pode estar mal entendido, atribuíndolle a un prior un cargo abacial, ou ben mal datado. Inclínamonos por pensar que se trata disto último, xa que nun documento orixinal, datado en 1301, o prior de Ozón, Xoán Pole, fai un arrendo a Sancho Pérez, notario de Nembracos, que, curiosamente, é o mesmo destinatario dun documento de 1311. Está claro que o arquivista trocou a data.

Unha vez convertido en priorato, Ozón debeu conservar na persoa do prior, unha notable autonomía administrativa, sen que a casa nai tivese vontade de entrometerse de máis na política de explotación da propiedade. Por mor desta liberdade resultanos difícil establecer cal era abaciala que dependía San Martiño de Ozón, xa que non aparece ligada explicitamente na documentación. Algúns indicios semella apuntar a unha certa relación con Mbraime no s. XIV; pero no s. XV vinculación de Ozón co cenobio de San Paio de Antealtares é unha realidade segura.

A historia de Ozón semella anodina e desprovista de acontecementos. Soamente algúns nomes de priores dispersos nun feixiño de documentos serven para lle dar algunha perspectiva de transcurso de tempo. Ata que chegamos á metade do s. XV com-

probamos como ata este pequeno priorato periférico chegan ecos dos signos dos tempos. Observamos por primeira vez un intento de centralización dirixido por San Paio: o claustro santiagués desde 1436 comeza a participar no outorgamento de contratos agrarios no couto, e na procura dun meirande control, os derradeiros priores van ser membros da comunidade compostelá. Tal é o caso do derradeiro prior de Ozón antes da inxerción de San Paio na congregación de Valladolid, frei Diego de Vivero, nomeado prior en 1480. Pois ben, este individuo era, desde 1473, prior claustral en Antealtares, abadía á que voltaría en 1487 para exercer o cargo de abade.

Coa reforma monástica, San Paio, ó igual que Mbraime, vai desaparecer como abadía de monxes e os seus membros van ser trasladados ó veciño mosteiro de San Martiño Pinario. Ozón pasa a depender da renovada e poderosa abadía compostelá como un priorato máis. Pero a reforma non supuña para este unha acumulación e concentración das propiedades, senón tamén un intento de racionalizar a extracción das rendas delas procedentes. Por iso Ozón non funcionará de xeito independente, senón que vai formar partido xunto co couto de Nemiña, pertencentes desde antigo a San Paio, e no couto do vello mosteiro de Santo Antoiño de Baiñas, anexado a San Pedro de Fóra, casa tamén cita na cidade de Santiago e unida a Pinario coa reforma.

O partido de Ozón e Baiñas funcionará conxuntamente como unidade tanto de recadación de rendas como a efectos da xurisdicións, xa que os abades de Pinario nomearán un único notario e un único xustiza e alcalde para os tres espazos. Esta organización non era máis que unha parte da posta a punto dos mecanismos de extracción das rendas reflectidas documentalmente pola multiplicación dos contratos agrarios outorgados dende o ano 1526 e, monumentalmente, nas obras de remozamento da igrexa e do priorato realizadas nos últimos anos, e no hórreo destinado a conservar parte do grao recadado. O final desta historia chega, como xa dixemos, en 1836.

Nestas páxinas temos feito un percorrido separado das liñas argumentais da historia das dúas casas monásticas. Isto non deixa de ser unha ficción: Ozón e Mbraime estaban achegados demais e este achegamento obrigounos máis que a convivir, os dous mosteiros tiveron a necesidade de entrelazar as súas preocupacións. Hoxe, tamén, os dous érguense como testemuñas cerkana dun pasado que é común a todos.



La Imagen italiana de San Marcos de Corcubión

TEXTO: Juan J. López Bermúdez (Xoán de Toba)

En la magnífica exposición *Galicia no Tempo* que se está celebrando en San Martiño Pratrio de Santiago, con el nº 122 de su catálogo, está la imagen de San Marcos, patrono de la villa de Corcubión.

Los datos históricos que sobre esta escultura aparecen en su ficha descriptiva son algo confusos. No fue traída para la iglesia de San Andrés de Canle, sino directamente para la de San Marcos de Corcubión, iglesia que según Angel del Castillo *"ca de principios del siglo XIII a últimos del XV"* y cuyo patrono era San Marcos, como se puede comprobar en el testamento otorgado por D^a Catalina Gómez, madre de D. Diego de Muros, a finales del siglo XV quien dispuso: *"mando a obra de Si Mirco de Corcubeon des maravedis ... e a metú dum tramallo con pixota a obra dde Si Mirco"*. Fueron pues dos parroquias diferentes (s. Andrés y S. Marcos) hasta que la anexión en 1578 el arzobispo D. Francisco Blanco.

La conseja popular cuenta las conocidas milagrerías de los pueblos marinos sobre el hallazgo de sus imágenes patronales, refiriendo las vicisitudes de los barcos que las llevaban o encontraban, fantasías que aún persisten en la villa respecto a S. Marcos. Pero la tradición histórica asegura que esta escultura fue traída de Italia y desembarcada en una gran piedra



llamada desde aquella fecha o *Petón de San Marcos*, situado en la denominada *praia dos Gregos*, hoy desaparecida por la construcción del muelle y de la carretera que conduce a Fisterra. Todavía vive quien recuerda esa playa con su *petón*, que estaba al sur de la cárcel y frente a la iglesia parroquial.

Observando la imagen de S. Marcos vemos en lugar preferente, a su derecha, los *roeles* blasón de los Castro y a su izquierda la *cabeza de lobo*, divisa de los Mscoso. La disposición y lugar en que fueron colocadas estas insignias parecen probar que la escultura fue encargada y traída a Corcubión por la ilustre poeta D^a Isabel de Castro y Andrade, viuda del cuarto conde de Altamira, entre los años 1573 y 1575.



Explicaré esta hipótesis. D^a Isabel de Castro en el otorgamiento de foros, cuando era esposa de D. Rodrigo de Mscoso, actuó en abril de 1571 *“en virtud de poder que le había dado su marido”* en agosto del mismo año *“en nombre de su marido ausente de este reino”*; en Diciembre de 1572, siendo viuda lo hace *“como curadora y administradora de la persona y bienes de su hijo”*, y como *“gobernadora y administradora de dicho Condado”* en Agosto de 1574. En Octubre de 1576 se cita ya a su hijo D. Lope de Mscoso como Conde de Altanira, quien ratifica o rectifica lo hecho por su madre. Desde 1572, año del fallecimiento de su marido, hasta 1576 en que terminó la minoridad de su hijo, no sólo gobernó y administró los bienes del Condado, sino que representó al conde en sus derechos, entre los que se encontraba la presentación *“insolidum del beneficio curado de Sⁿ Marcos”*; teniendo en cuenta además que su padre, D. Fernando Ruiz de Castro y Portugal, era virrey de Nápoles, lleva a la suposición de que fue en este período de tiempo cuando encargó la imagen del patrono de Corcubión, financió su adquisición y ordenó su traslado a la villa. Y como era frecuente en la época, colocaron en lugar destacado la divisa de la donante.

La escultura se conservó íntegra hasta 1926 o 1927 en que los carpinteros Francisco Cerveño y Francisco Trillo ahuecaron el interior con taladros y gubias para reducir su peso debido a la falta de voluntarios para sacarla en procesión. El

orificio se cerró con una plancha de cinc atomillada al trono. Su aspecto exterior fue posiblemente modificado con esta operación, pasando de estar ligeramente inclinada hacia delante a la rigidez actual.

Desde la Baja Edad Media las relaciones entre puertos gallegos e italianos eran bastante habituales. Se pueden constatar, por ejemplo, en la donación de una hermosa pila de mármol a la capilla de Nuestra Señora del Camino de Muros, en cuyo borde hay una inscripción que dice: *“Esta piosa troio pari esta iglesia Gregorio López y sus marineros dende Génova este año de 1557 a die 4 Julio”*. Este marino muradán adquirió un *lugar* en Toba, aldea a dos kilómetros de Corcubión, cuyos productos donó para costear la misa del alba fundada por él en la iglesia parroquial de Muros, según consta en los foros de 1580 y 1662 otorgados por sus sucesores a mis antepasados. Las relaciones familiares y comerciales de algunos vecinos de Muros con los de Toba y Corcubión hace verosímil creer que fuesen marineros de Muros los que transportaron desde Italia a Corcubión la imagen de San Marcos.



Apuntes sobre a paisaxe entre Compostela e Fisterra

TEXTO: Antón Pombo Rodríguez

Se ben non podemos falar de fortes contrastes, a diversidade entre as unidades comarcais atravesadas polo Camiño é suficientemente notoria como para que non pase desapercibida.

Nas terras da **Miá**, intensamente ocupadas e moi parceladas, a paisaxe tradicional agraria aparece bastante transformada (segundas residencias). Sobre unha xeografía doce, percorrida por moitos ríos e lixeiramente alombada, xurden numerosos pero pequenos núcleos de poboación, cunha acentuada tendencia á concentración lineal en torno ás vías de comunicación e á dispersión por todo o terreo. Nas zonas altas, os montes foron repoboados con eucaliptos e piñeiros (menos), permanecendo nas valgadas o arborado autóctono de ribeira e, espalladas por todas partes, pequenas masas de castiñeiros e carballeiras.

Superada a pequena barreira do Monte de Mir de Ovellas, entramos na unidade comarcal da **Barcala**, un espacio rodeado de pequenos montes e disposto en torno ós ríos Tambre e o seu afluente Barcala. Respecto á **Miá**, resulta significativo o aumento do sector forestal e tamén do espacio dedicado a pradería (cooperativa FEIRACO). Os bosquiños de ribeira atópanse en moi bo estado. As aldeas son máis compactas que na **Miá** e a dispersión da nova edificación menor.



Cando se ascende o escalón que dá acceso á terra de **Xallas** (altiño do Cotón), entramos nunha chaira, de amplas panorámicas, só alterada pola presenza dalgúns montes aillados

(monte Aro, serra do Castelo). Através do concello de **Mizaricos**, o terreo resulta máis agreste e sobrio que nas comarcas precedentes. O predomínio da pradería para uso gandeiro (pasteiros) é total, quedando as zonas marxinais dedicadas á plantación de piñeiros e eucaliptos. Os lumes ou o abandono das terras de cultivo,

transformaron amplios segmentos en toxeiros e brañas. Se atendemos á ocupación do territorio, os núcleos habitados, moi compactos e de escaso tamaño, están cada vez máis distanciados (baixa densidade de poboación). O río Xallas e mailo seu rosario de encoros caracterizan tamén a paisaxe.

Na barreira montañosa (serra de Buxantes) que separa Xallas de Fisterra, os ermos gañan terreo, sendo cada vez máis escasas as aldeas e maiores os espazos forestais, de pastos naturais e de monte baixo.

Por fin, a comarca atlántica de **Fisterra** volve ser unha zona intensamente ocupada polo home (sobre todo no sector litoral



que atravesaba o Camiño). A visión dos cabos recortados sobre o mar, da ría de Corcubión e das enseadas de Sardiñeiro e Langosteira (cos seus areais), definen a paisaxe a medida que avanzamos ó promontorio fisterrán. Desaparecida case que por completo a pradaría e os cultivos (somentes agras ó redor das aldeas), o monte repoboado ocupa todo o espazo; o único espazo que non encaixa nesta definición é o Vál de Duio.

Unha vez en Fisterra, a cara amable da ría de Corcubión e das enseadas de Sardiñeiro e Langosteira -limiar das Rías Baixas-, o contraste cos venteados promontorios e areais con dunas da Costa da Morte (cabo Fisterra, praia de Mir de Fóra, Cabo da Nave, Areal do Rostro) resulta abraiante.

A arquitectura popular.

De acordo coa distribución comarcal, podemos falar dun primeiro tramo que abrangue os espazos da *Miá* e *A Barcala*.

Neste sector, de nivel económico medio e ocupación periurbana e residencial notoria (sobre todo no contorno de Compostela), a arquitectura tradicional atópase nun estado de conservación aceptable, sendo moitos os inmobles que foron ou están sendo restaurados como primeira ou segunda vivenda.

Acasa tipo, de planta rectangular, amosa aparello en perpiño ou cachotería (neste caso con reforzos en vaos e esquineiras) e cuberta de tella. Amoda de deixa-la pedra á vista, está a suprimí-los recibos incluso nas casas de aparello miúdo e irregu-

lar. Na zona máis próxima a Santiago, aparece tamén a galería, pero non é excesivamente abondosa. Entre os nucleos de arquitectura popular mellor conservados podemos citar os de Portela, Ventosa, Augapesada, Susavila de Carballo, Burgueiros e, por suposto, o moi ben conservado de Pontemaceira.

Polo que atingue ás edificacións anexas da casa rural e ás destinadas para a transformación da colleira, cabe salientalos muíños, en ocasións formando conxuntos (arruinados en Lamas) ou restaurados para acollerer mesóns típicos (*A Barcala*). Pola súa



banda, os cabazos pertencen á tipoloxía mixta '*Miá*', amosando unha estrutura de pedra, peches de madeira e, en xeral, cepas como sostén da caixa; os hórreos da *Barcala* son semellantes, por máis que algúns modernos dispoñen de celeiro.

A partir de *Negreira*, na transición da *Barcala* a *Xallas*, a arquitectura vólvese máis sobria, adaptándose ás condicións da montaña (plantas terreas). Entre *Zas* e *Vlaserío*, son máis as substitucións cás pervivencias.

A ampla comarca de *Xallas* presenta unha tipoloxía de casa parecida á da *Barcala*, pero as vivendas son, por norma, de menor tamaño; o seu mantemento e estado de conservación é inferior ó das precedentes. Ademais, e moi especialmente nas construcións adbectivas, aparece xa o aparello irregular de cachotería granítica propio das casas mariñeiras da *Fisterra*, pero neste caso os muros non soen estar recebados.



Os cabazos, tipo 'Fisterra' e moi ben escadrados (tanto os antigos coma os modernos), están totalmente construídos en pedra, ben sexa en cachotería (con ou sen reforzos) ben en sillares que poden ser prefabricados (nos máis serodios). Cos pasaventos horizontais e sempre sobre pés, como remates presentan cruces e lampións.

Entre os núcleos rurais mellor conservados podemos citar o de Olveiroa, merecedor dun plan de rehabilitación; noutros lugares e aldeas, caso de Santa Mariña, Gueima, Vilar de Castro, Lago, Abeleiroas, Millón ou Hospital, tamén hai elementos singulares de valía.

Na comarca da **Fisterra**, e por mor do recente boom construtivo, a arquitectura tradicional ficou moi reducida e estragada. Xa que logo, as mostras da popular e modesta vivenda mariñeira son xa moi escasas e a penas xa representativas en Fisterra, Corcubión ou Sardiñeiro. Aquelas vivendas, de planta terrea ou un andar, en xeral caleadas e coas portas e ventás pintadas coas mesmas cores das embarcacións, foron reformadas ou eliminadas co paso do tempo. De todos modos, e buscando moito, aínda podemos contemplar algúns exemplares coas características balconadas corridas sobre mensulóns ou piares, patíns e solainas.

Mellor sorte lles tocou ás vivendas 'vilegas' e burguesas construídas durante o período de 1875 a 1950. Son as casas de carácter xa plenamente urbano, con elegantes e proporcionadas

fachadas nas que se combinan con acerto balcóns, miradoiros e galerías, segundo teñan un, dous ou tres andares. Precedidas ás veces de xardíns, estas vivendas poden oculta-la súa faciana rural pola parte posterior da casa (que pode mirar á unha horta). Conxuntos desta tipoloxía consérvanse en Corcubión (o mellor), Cée (zona da alameda) e Fisterra.



Os cabazos tipo 'Fisterra', son moi numerosos e de boa calidade en tódalas aldeas da zona, formando algunhas pequenas agrupacións dignas de interese, así a do maltratado núcleo de Sardiñeiro, que de ter sido protexido a tempo podería constituir un segundo, malia que máis modesto, Combarro, ou nas aldeas de Olveiroa e Hospital (Dunbría), sen esquecer os cabazos urbanos de Corcubión, un deles de finais do século XVIII.



Actualidad de la Peregrinación al Finisterre

TEXTO: Antón Pombo Rodríguez

Cuando la *Asociación de Amigos del Camino de Santiago de A Coruña* enviaba su primera y tímida propuesta a la Xunta de Galicia para recuperar la prolongación jacobea de Compostela a Fisterra y Muxía, pocos podrían ni siquiera sospechar, siete años después, que aquel camino acabaría estando tan transitado como lo estaba entonces el Camino Francés. Tiempo después, la *Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago*, en estrecha, amistosa y fructífera colaboración con la *Asociación* comarcal *Neria*, que muy pronto se dio cuenta de la trascendencia de nuestra propuesta, confeccionó un ambicioso proyecto para delimitar, recuperar, señalar y promocionar el itinerario. Y como los tiempos corren que es una barbaridad, del Año Santo de 1993 a este de 1999 se han multiplicado las actuaciones sobre el itinerario, casi todas positivas, y la afluencia de peregrinos a este fin del mundo.

Concluida la delimitación oficial, que fue encomendada por la Xunta de Galicia al gabinete de arquitectura coruñés de Casabella & Veites -en dicho proyecto trabajaron miembros de la *AGACS*, en el verano de 1999 ya hemos conseguido gran parte de los objetivos fijados en 1995: en primer lugar, el Camino ha sido completamente desbrozado y recuperado, en la medida de lo posible, con su trazado histórico, con especial mención a la apertura del sector Vidán-Alto do Vento, de 7 km, que evita por completo la peligrosa carretera de Noia (Xunta-Concello de Santiago) o a la excelente obra de recuperación emprendida, a partir de Agapesada, en la subida al Alto do Mir de Oellas (Diputación de A Coruña); otra noticia muy grata es la inauguración de sendos albergues de peregrinos, en Fisterra y Negreira, y la licitación de un tercero, tan necesario para cubrir la segunda jornada, en la aldea de Oveiroa (Dumbría); por fin, también ha sido muy meritorio el trabajo de señalización con mojones de piedra de la ruta entre Santiago y Fisterra, pues suponen un complemento muy necesario a las populares flechas amarillas.

De lo en su día solicitado en el plano material, tan sólo nos falta conseguir que funcione un nuevo albergue en Muxía, construir dos puentes de piedra sobre los ríos de Logoso (Dumbría) y Vaosilveiro (entre Cée y Muxía) y señalar debidamente las variantes complementarias de Fisterra-Muxía y Hospital-Muxía.

Más complicado, desde luego, resulta conseguir otras metas: así, por ejemplo, la declaración del itinerario como *Bien de Interés Cultural* (como el Camino Francés), lo cual impediría que se pudiese perpetrar atentado alguno contra el; a continuación, pues soñar no tiene límites, varias voces han propuesto que la prolongación sea propuesta a la UNESCO para ser declarada *Patrimonio de la Humanidad* como un anexo al Camino Francés; para concluir, esperamos que con el nuevo milenio la Oficina de Peregrinación de Santiago consiga superar sus infundados recelos y pase a manifestar una actitud más positiva para con los peregrinos que, cada día en mayor número, se animan a seguir hasta Fisterra y Muxía.

Sin embargo, sería imperdonable concluir esta breve exposición olvidándonos de los auténticos protagonistas de este renacer del itinerario al Finisterre. Peregrinos los cinco continentes, impulsados por diferentes motivaciones pero todos ellos atraídos por ese fin del mundo, al borde del Océano, vinculado a la leyenda jacobea (Fisterra a la traslación, Muxía a la predicación), han conseguido el milagro con su esfuerzo. A pesar de la desinformación con que se encuentran al llegar a Compostela, los romeros han seguido, a trancas y barrancas, estos perdidos caminos del Finisterre, y como prueba del nuevo auge de la prolongación basta indicar que tan sólo en el mes de agosto de este Año Santo han recibido la *"Fisterrana"* casi 2.000 personas.

Cuando Santiago es una Babel multicolor sometida a la tiranía del turismo de masas, cuando hasta para entrar en la catedral por la Puerta Santa, o para dar un abrazo al Apóstol, es preciso hacer colas que nos recuerdan a la de la Expo sevillana, Fisterra y Muxía se han convertido en los humildes pero tranquilos santuarios en los que rezar en solitario a Cristo y a la Virgen, admirar la grandiosidad de la naturaleza al pie del océano, practicar antiguos ritos en Compostela olvidados (el baño purificador, la quema de las viejas ropas...) y, sobre todo, experimentar esa renovación personal, que todo verdadero peregrino necesita, lejos de la urbe alborotada por el comercio y los espectáculos.

La "Porta Santa" de Santa María das Areas seguirá abierta, sin interminables colas, hasta el 31 de diciembre.



MELLORAS NO CAMIÑO A FISTERRA E MUXÍA

TEXTO: Manuel Vilar

Cando hai uns anos uns poucos empezaron a reivindicar en serio o camiño ata Fisterra e Muxía, como unha prolongación do Camiño de Santiago, fisicamente o Camiño non existía, desaparecera baixo a matogueira, baixo as silvas e o abandono. Hoxe o Camiño xa é unha realidade, unha realidade que aínda hai que cuidar moito.

O Camiño está aí, pódese andar por el, está minimamente limpo, está minimamente sinalizado, hai albergues -un funcionando en Fisterra, outro que ten previsto entrar en funcionamento neste ano, o de Nègreira, e un terceiro en proxecto, en Olveiroa, Dunbría. Pero aínda hai intentos de asfalto en nome dun falso progreso, de algo que fala máis ben do atraso mental dalgún político da vella escola caciquil; pero xa hai alcaldes que saben que os votos non se gañan só arreglando fochancas ou colocando farolas, que hai que mirar ó futuro e este vén tamén andando polo Camiño.

